

MEMORIA 2006

fundación
GALICIA EUROPA





ÍNDICE

1. A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA.....	5
1.1. A Fundación Galicia Europa e os seus obxectivos.....	7
1.2. Composición da Fundación Galicia Europa: Entidades membros, Padroado e Consello Asesor.....	9
1.3. Organigrama da Fundación Galicia Europa.....	13
1.4. Convenios coa Xunta de Galicia.....	22
2. PROMOCIÓN DOS INTERESES GALEGOS EN EUROPA.....	23
2.1. Participación de Galicia no Consello da Unión Europea.....	26
2.2. Participación de Galicia no Comité das Rexións.....	29
2.3. Colaboración entre as Oficinas Rexionais españolas en Bruxelas.....	31
2.4. Organización de visitas de representantes galegos a Bruxelas.....	35
2.5. Actividades culturais en Bruxelas.....	38
3. FOMENTO DA PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS.....	45
4. INFORMACIÓN E PUBLICACIÓNS.....	57
4.1. Información: Adopción dos novos programas para o período financeiro 2007-2013.....	59
4.1.1. Políticas de I+D+I.....	60
4.1.2. Política Rexional.....	63
4.1.3. Emprego e asuntos sociais.....	67
4.1.4. Outras Políticas.....	69
4.2. Publicacións.....	72
4.3. Páxina web.....	74


ÍNDICE

5. FORMACIÓN	77
5.1 Bolsas.....	79
5.2 Cursos, seminarios e xornadas.....	83
5.3 Actividades dirixidas á xuventude.....	87
6. AXENDA 2007	93
7. EUROPA EN GALICIA. ¿QUEN É QUEN?	99



I.
A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA





I. I. OBXECTIVOS DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA (FGE) é unha entidade sen ánimo de lucro creada en 1988 co fin de promover todas as accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa. Participada por diversas entidades públicas e privadas galegas, a Fundación ten animado e apoiado en todo este tempo a participación galega no proceso de construción europea, realizando un intenso labor de información e asesoramento, formación e promoción dos intereses galegos.

En 2006, ano en que se celebrou o 20 aniversario da incorporación de España e Portugal á Unión Europea, a FGE iniciou unha nova etapa adoptando un novo Plan Estratéxico que pretende responder ao gran reto de facer de Galicia unha rexión forte en Europa. Para acadar este obxectivo, a FGE quere contribuír a construír redes de colaboración entre todas aquelas persoas ou entidades con intereses e coñecemento dos asuntos europeos que fagan posible unha maior presenza dos intereses galegos na toma de decisións a nivel europeo.

No **Plan Estratéxico da Fundación Galicia Europa 2006-2009**, a FGE márcase como obxectivo principal traballar para dar resposta en Galicia ós dous desafíos máis importantes ós que se enfrenta actualmente a Unión Europea: unha mellor comunicación da actividade europea de cara ós cidadáns e o cumprimento da Axenda de Lisboa, que pretende facer de Europa a economía baseada no coñecemento máis competitiva do mundo no ano 2010.

Dentro deste novo contexto, a FGE centra o seu labor nos seguintes ámbitos:

- **A promoción dos intereses galegos en Europa**, para que a toma de decisións no ámbito comunitario se leve a

cabo cun maior coñecemento da realidade e dos intereses galegos e para que se teñan en conta as necesarias aportacións do sector público e privado da Comunidade.

- **Fomento da participación galega en proxectos europeos**, informando e asesorando sobre as posibilidades existentes e promovendo o traballo en rede e o intercambio de experiencias entre os potenciais interesados.
- **Reforzo das actividades de formación e información** para que acaden maior repercusión, tanto dende un punto de vista cuantitativo como cualitativo. Contribuíndo a un maior e mellor coñecemento do proceso de construción europea por parte da sociedade galega, a Fundación tamén contribuirá a mellorar as achegas galegas ó devandito proceso.



I.2. COMPOSICIÓN DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

PADROADO

No ano 2006, esta reunión tivo lugar o 6 de abril na oficina da Fundación Galicia Europa en Santiago de Compostela.

PRESIDENTE:

Sr. D. Emilio Pérez Touriño
Presidente da Xunta de Galicia



VICEPRESIDENTES:

Sr. D. Vicente Arias Mosquera
Vicepresidente do Banco Pastor
Sr. D. José Rodríguez Reza
Vicepresidente Primeiro do Consello de Administración de Caixa Galicia

SECRETARIO XERAL:

Sr. D. José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

TESOUREIRO:

Sr. D. José Ramón Fernández Antonio
Conselleiro de Economía e Facenda

VOGAIS:

Sr. D. Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria
Sr. D. Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

O Padroado é o órgano de representación, goberno e administración da Fundación Galicia Europa. Está presidido polo Presidente da Xunta de Galicia e integrado por representantes das entidades membro que compoñen a Fundación. Reúnese durante o primeiro trimestre de cada ano co obxecto de aprobar a xestión económica e a memoria de actividades do exercicio anterior, e de programar as actividades e orzamento do seguinte exercicio.

Sra. Dna. María Carmen Gallego Calvar

Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

Sr. D. José Luis Méndez López

Director Xeral de Caixa Galicia

Sr. D. Julio Fernández Gayoso

Presidente de Caixanova

Sr. D. José Luis Pego Alonso

Director Xeral de Caixanova

Sr. D. Fernando Díaz Fernández

Conselleiro do Banco Pastor

Sr. D. Jesús Asorey Carril

Representante das Cámaras de Comercio de Galicia

Sr. D. Francisco López Peña

Delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo

ENTIDADES MEMBROS DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

a) Con representación no Padroado

ENTIDADES MEMBRO FUNDADORAS



XUNTA
DE GALICIA



Banco Pastor



CAIXA GALICIA

caixanova



ENTIDADES MEMBRO ADHERIDAS

(integradas con posterioridade á constitución da Fundación Galicia Europa)



Cámaras
Galicia

b) Sen representación no Padroado (entidades asociadas)**GRUPO DE TRABAJO**

Composto por representantes das entidades membros que compoñen o Padroado, o grupo de traballo réunese periodicamente para avaliar a actuación da FGE e programar actividades futuras. En 2006, o grupo de traballo reuniuse tres veces. Dous do encontros tiveron lugar en Santiago de Compostela e un terceiro en Oporto.

Os integrantes deste grupo de traballo son:

Sr. D. Antonio Gómez Rivera

Subdirector Xeral de Caixanova

Sra. D^a Dolores Montero Vilariño

Directora do Departamento Internacional de Caixanova

Sr. D. Alejandro Kowalski Bianchi

Director de Comunicación do Banco Pastor

Sr. D. Miguel Viu Pereira

Departamento de Relacións Xurídicas de Caixa Galicia

Sr. D. Fernando Barros Fornos

Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela

Sr. D. Santiago López-Guerra Román

Secretario Xeral do Consorcio Zona Franca de Vigo

Sr. D. Santiago Gómez-Reino Lecoq

Secretario Xeral de Relacións coa Unión Europea da Xunta de Galicia e Director-Apoderado da Fundación Galicia Europa

Sr. D. Manuel José Morán García

Subdirector Xeral de Relacións coa Unión Europea da Xunta de Galicia e Subdirector da Fundación Galicia Europa

Sra. D^a Ana Ramos Barbosa

Directora da Oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas

CONSELLO ASESOR

Dende 2001, existe un Consello Asesor integrado por profesionais de recoñecido prestixio vinculados a diferentes sectores de actividade en Galicia ou a Eurorrexión. Este Consello ten por obxectivo debater sobre as políticas comunitarias que afectan a Galicia, previa consulta con outros axentes sociais ou académicos. O presidente do Consello Asesor é o ex presidente da Xunta de Galicia, D. Gerardo Fernández Albor.



I.3. ORGANIGRAMA

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Rúa dos Feáns 3C baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel.: + 34 981541012
Fax: + 34 981541013
santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu

Avenue Milcamps 105
1030 Bruxelas
Tel.: + 32 (0)27355440
Fax: + 32 (0)27354678
bruselas@fundaciongaliciaeuropa.eu

SANTIAGO GÓMEZ-REINO LECOQ DIRECTOR-APODERADO

Secretario Xeral de Relacións Exteriores
Xunta de Galicia



MANUEL J. MORÁN GARCÍA SUBDIRECTOR

Subdirector Xeral de Relacións coa Unión Europea
Secretaría Xeral de Relacións Exteriores
Xunta de Galicia



ANA RAMOS BARBOSA DIRECTORA DA OFICINA DE BRUXELAS





SOFÍA RICO LENZA
COORDINACIÓN XESTIÓN FINANCEIRA

Xefa de Servizo
Secretaría Xeral de Relacións Exteriores
Xunta de Galicia

EQUIPO TÉCNICO DE INFORMACIÓN E ANÁLISE COMUNITARIO

OFICINA DE SANTIAGO:




LUIS GAGO SOTORRÍO

- § Apoio técnico nos asuntos europeos á Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia
- § Coordinación da área de Proxectos Europeos: Seguimento e fomento da participación galega en programas europeos
- § Edición e coordinación da Revista da Fundación Galicia Europa
- § Colaboración:
 - Portal Web
 - Programación e Avaliación FGE

OFICINA DE BRUXELAS:


MARÍA JESÚS GAREA LODEIRO

- § Técnico adxunto á Dirección: Coordinación técnica
- § Seguimento de políticas europeas:
 - Desenvolvemento Sostible
 - I+D+I
- § Coordinación da Area de Proxectos Europeos: Seguimento e fomento da participación galega en programas europeos
- § Colaboración:
 - Portal Web
 - Revista da Fundación Galicia Europa
 - Programación e Avaliación FGE



PABLO CORNIDE ALONSO

- § Seguimento de políticas europeas:
 - Seguimento dos avances da Estratexia de Lisboa
 - Desenvolvemento Rexional e Cooperación Territorial
 - Transportes, Enerxía
 - Política Económica, Financeira e Monetaria
- § Coordinación da Revista da Fundación Galicia Europa
- § Colaboración:
 - Área de Proxectos europeos
 - Portal Web
 - Programación e Avaliación FGE





VANESSA LOBO CASAS

- § Comunicación
- § Seguimento de políticas europeas:
 - Desenvolvemento local
 - Emprego e Política Social
 - Sociedade da Información
 - Sociedade Civil, Cultura y Política Lingüística
- § Coordinación:
 - Portal Web
- § Colaboración:
 - Área de Proxectos europeos
 - Revista da Fundación Galicia Europa
 - Programación e Avaliación FGE



ALBA MARIÑO ENRÍQUEZ

- § Asuntos Institucionais: CdR, REGLEG, Consello
- § Seguimento de políticas europeas:
 - Mercado Interior e Asuntos Xurídicos
 - Saúde Pública e Consumidores
 - Relacións Exteriores
- § Colaboración:
 - Área de Proxectos europeos
 - Portal Web
 - Revista da Fundación Galicia Europa
 - Programación e Avaliación FGE

OFICINA DE BRUXELAS:

ELEUTERIO RODRÍGUEZ MARIÑO

Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia

- § Seguimento das políticas europeas de interese para a Consellería



LICENCIADOS EN PRÁCTICAS

OFICINA DE SANTIAGO:

TERESA ZAS IGLESIAS

- § Apoio ao equipo técnico.
- § Atención ao público e resposta a consultas.
- § Colaboración na edición e coordinación da Revista da Fundación Galicia Europa.
- § Participación na execución de programas desenvolvidos pola Fundación Galicia Europa.



ALEXANDRA FEIJOÓ CARRERA

- § Apoio ao equipo técnico.
- § Atención ao público e resposta a consultas.
- § Colaboración na edición e coordinación da Revista da Fundación Galicia Europa.
- § Participación na execución de programas desenvolvidos pola Fundación Galicia Europa



OFICINA DE BRUXELAS:



VÍCTOR PÉREZ PASCUAL

- § Seguimento de políticas europeas:
 - Agricultura e Desenvolvemento Rural
 - Competitividade (Mercado Interior, Industria e Desenvolvemento)
 - I+D+I
- § Colaboración na coordinación da área de proxectos.



MARÍA CORONADO VIZCAYA

- § Seguimento de políticas europeas:
 - Saúde Pública e Consumidores
 - Asuntos Institucionais: CdR, REGLEG
 - Relacións Exteriores: Ampliación
- § Colaboración:
 - Coordinación do equipo editorial do Portal Web
 - Área de comunicación



ANA LÓPEZ FONTAL

- § Seguimento de políticas europeas:
 - Pesca
 - Medio Ambiente
 - Asuntos de Xustiza e Interior
 - Cooperación ao desenvolvemento
- § Colaboración:
 - Coordinación do equipo editorial do Portal Web
 - Área de comunicación

ADMINISTRACIÓN E SECRETARIADO

OFICINA DE SANTIAGO:

M^a BELÉN RODRÍGUEZ MARTÍN
RESPONSABLE ADMINISTRACIÓN

- § Persoal
- § Servizos externos e provedores
- § Información, seguimento e asesoramento en materia de bolsas estudo e formación
- § Control xeral do gasto (seguimento orzamentario)
- § Atención ao público.



GABRIELA DENISE LOREIRO SZELIGA
AUXILIAR ADMINISTRATIVO

- § Administración do correo
- § Xestión, seguimento e actualización de arquivos e bases de datos da oficina
- § Atención ao público
- § Apoio administración en xeral.



OFICINA DE BRUXELAS:



MARLÈNE FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
RESPONSABLE ADMINISTRACIÓN

- § Información, seguimento e asesoramento en materia de bolsas e axudas
- § Persoal
- § Servizos externos e provedores
- § Mantemento de oficina: material, mercancías, sistema informático...
- § Control xeral do gasto (seguimento orzamentario)
- § Xestión e seguimento das normas impostas polas institucións belgas
- § Asesoramento á emigración en Bélxica (acción social)
- § Organización de actos, reunións e eventos varios da Fundación Galicia Europa e doutros organismos galegos en Bruxelas.



RENÉE AVIAL GARCÍA
SECRETARIA DE DIRECCIÓN

- § Asistente da Directora
- § Atención ao público
- § Axenda semanal das actividades exteriores do persoal da oficina
- § Xestión e elaboración dos programas de visitas institucionais
- § Encargada das relacións cos centros galegos en Bélxica
- § Organización de actos, reunións e eventos varios da Fundación Galicia Europa e doutros organismos galegos en Bruxelas.
- § Mantemento do directorio da oficina.

MÓNICA SAN JOSÉ FERNÁNDEZ
AUXILIAR ADMINISTRATIVO



- § Apoio administrativo ós técnicos
- § Envíos prensa e outros produtos da oficina
- § Mantemento da biblioteca
- § Alimentación de bases de datos: REPER
- § Apoio administrativo en xeral: directorio, mailings, atención ao público, etc.
- § Apoio á organización de actos, reunións, eventos e outras actividades da FGE.

OFICINA DE INFORMACIÓN EUROPEA PARA XOVES

RÚA DOS FEÁNS 3C BAIXO
15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA
TELÉFONO: 981.54.10.10

PILAR DEL ORO SÁEZ

- § Coordinadora da oficina



1.4. CONVENIOS COA XUNTA DE GALICIA

DE CARA A POTENCIAR o papel da Xunta de Galicia en Bruxelas, a través da oficina da Fundación nesta cidade, a Fundación Galicia Europa propuxo no marco do seu *Plan Estratéxico 2006 -2009* reforzar o equipo técnico de Bruxelas para satisfacer mellor as necesidades dalgunhas consellerías, que teñen intereses económicos e políticos específicos no ámbito europeo. O reforzo fíxose mediante o establecemento de convenios de colaboración con estas consellerías para dispoñer do apoio, na oficina de Bruxelas, dun técnico especializado nas materias do seu interese, que complementa o labor realizado polo resto do equipo.


Perante o segundo semestre do 2006, asináronse os convenios de colaboración coa Consellería do Medio Rural, coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e coa Consellería de Innovación e Industria, e así mesmo perfiláronse convenios coa Consellería de Economía e Facenda, coa Consellería de Educación e co Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), que deberán entrar en vigor a principios de 2007.

Por outra banda, a Fundación Galicia Europa renovou, coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade), o convenio de colaboración, que dende maio de 1997, tiña coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado para o desenvolvemento de actividades de información e documentación para mozos a través da Oficina de Información Europea para Xoves que a propia Fundación Galicia Europa ten na súa sede en Santiago.

A Oficina de Información Europea para Xoves está a disposición dos mozos galegos para calquera consulta relacionada cos eidos que lles preocupan e que teñan unha fonda relación coas competencias que a Unión Europea desenvolve.

2.

PROMOCIÓN DOS INTERESES GALEGOS EN EUROPA





O PLAN ESTRATÉXICO DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA 2006-2009 promove que a toma de decisións no ámbito comunitario se leve a cabo cun maior coñecemento da realidade e dos intereses galegos tendo en conta as necesarias aportacións do sector público e privado da Comunidade Autónoma.

No ámbito institucional, a Fundación Galicia Europa exerce un labor de apoio á participación da Xunta de Galicia nas formacións do Consello de Ministros da Unión Europea, para o que se traballa estreitamente coa Representación Permanente de España ante a Unión Europea. No Comité das Rexións, que constitúe un foro privilexiado para a defensa dos intereses galegos, a Fundación presta así mesmo un importante apoio.

Dende 2002, existe, ademais, unha estrutura de coordinación entre as oficinas das Comunidades Autónomas en Bruxelas, coñecida como CORE, na que participa a Fundación Galicia Europa, que se ten mostrado como un instrumento de gran utilidade para o intercambio de información, a posta en común de contactos e mailo reforzo da interlocución coa Representación Permanente de España e as institucións europeas.

Por último, estase a impulsar o traballo en rede con outras rexións europeas, que, ademais de garantir intercambios de boas prácticas, permiten un maior achegamento da realidade rexional ás institucións comunitarias. A modo de exemplo, a rede EPRO (Plataforma medioambiental de oficinas rexionais) está posibilitando a participación de expertos rexionais nos grupos de traballo da Comisión.

2.1. PARTICIPACIÓN DE GALICIA NO CONSELLO DA UNIÓN EUROPEA

OS ACORDOS DO 9 DE DECEMBRO DE 2004 entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas permitiron formalizar a participación directa destas no Consello de Ministros da Unión Europea. A presenza das Comunidades Autónomas supón un importante paso na mellora do sistema de participación autonómica nos asuntos europeos, non só por ser o Consello, xunto co Parlamento Europeo, o poder lexislativo da Unión senón tamén polo seu importante valor simbólico.

O acordo permite a participación das Comunidades Autónomas en todos os niveis, dende as reunións do Consello a nivel ministerial, mediante a incorporación dun representante autonómico –con rango de conselleiro– na delegación española, ata a presenza directa nas instancias preparatorias das reunións do Consello, tales coma os grupos de traballo do Consello. Nun principio, a participación autonómica abriuse ás formacións do Consello de Agricultura e Pesca; Educación, Cultura, Xuventude e Audiovisual; Emprego e Política Social, Saúde e Consumidores e, por último, Medio Ambiente.

O novo modelo trata, dentro do respecto ós principios de unidade de representación exterior do Estado e de lealdade institucional, de fortalecer os mecanismos de formación da vontade do Estado para integrar mellor as realidades dun sistema complexo e descentralizado coma o español, ao mesmo tempo que tenta configurarse coma un sistema de participación áxil e flexible, susceptible dun gradual desenvolvemento.

Despois da posta en marcha do acordo, levada a cabo durante o ano 2005, o ano 2006 serviu para consolidar as prácticas iniciadas e continuar coa participación das Comunida-

des Autónomas nos diversos niveis de traballo do Consello da Unión Europea.

En liña cos acordos das distintas conferencias sectoriais, durante o segundo semestre de 2006 correspondeulle á Comunidade Autónoma de Galicia coordinar a participación das Comunidades Autónomas españolas en varias formacións do Consello. En concreto, Galicia representou a voz das Comunidades Autónomas en materia de Emprego e Políticas Social no Consello de Emprego, Políticas Sociais, Saúde e Consumidores; e en cuestións de Xuventude na formación do Consello que se ocupa de Educación, Xuventude e Cultura.

Por este motivo, o vicepresidente da Xunta de Galicia, D. Anxo Quintana González, asistiu á reunión do Consello de Ministros en materia de Xuventude no mes de novembro de 2006, onde tomou a palabra en representación das Comunidades Autónomas para expoñer a súa postura sobre a “Mellor comprensión e coñecemento da xuventude”.

Este foi igualmente o caso do conselleiro de Traballo, D. Ricardo Varela Sánchez, que participou nas reunións dos Consellos de Emprego e Asuntos sociais dos meses de novembro e decembro de 2006. A posición común das Comunidades Autónomas exposta polo conselleiro no Consello extraordinario do mes de novembro centrouse no debate da modificación da Directiva sobre o tempo de traballo, mentres que en decembro se ocupou do cambio demográfico en Europa.

No plano práctico a Fundación apoiou ós técnicos dos departamentos relevantes da Xunta de Galicia desprazados a Bruxelas que ostentaron a representación das Comunidades Autónomas españolas durante 2006 no senso de facilitar un correcto desenvolvemento da súa participación nos diversos niveis de traballo abertos ás Comunidades Autónomas.

Dende a Fundación Galicia Europa seguiu de preto o desenvolvemento dos traballos levados a cabo nas formacións do Consello abertas á participación autonómica, co obxectivo de asesorar, apoiar e facilitar permanentemente o labor dos departamentos responsables dentro da Xunta de Galicia. Así mesmo,

a colaboración se estendeu á Representación Permanente de España ante a Unión Europea e as outras oficinas autonómicas, o que facilitou o seguimento do desenvolvemento dos traballos nas diferentes formacións do Consello e unha correcta transición entre Comunidades Autónomas coordinadoras.



2.2. PARTICIPACIÓN DE GALICIA NO COMITÉ DAS REXIÓNS

O COMITÉ DAS REXIÓNS (CdR) é a asemblea consultiva comunitaria na que están representados os entes locais e rexionais da Unión Europea. Composto por 317 membros no ano 2006 (21 dos cales son españois), os membros titular e suplente representantes da Comunidade Autónoma de Galicia son o presidente da Xunta de Galicia e o secretario xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia, respectivamente.

En tanto que órgano consultivo da Unión Europea, o Comité debe ser consultado obrigatoriamente nunha serie de materias concretas como a cohesión económica e social, o transporte, o emprego, a educación ou a cultura, aínda que tamén pode ser consultado sempre que se estime oportuno. Igualmente, o CdR pode elaborar ditames por iniciativa propia, o que lle permite tratar calquera asunto que figure na axenda europea.



A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, en permanente coordinación coa Xunta de Galicia, presta asistencia e apoio ós membros titular e suplente galegos na súa participación nos traballos do Comité. Xunto co apoio loxístico, a oficina fai un seguemento constante dos traballos do Comité e colabora na elaboración de emendas a ditames e informes debatidos tanto nas comisións das que é parte Galicia como no pleno, cando se considera necesario para a inclusión e consideración dos intereses de Galicia.

Cabe sinalar que no ano 2006 foron elixidos os novos membros do Comité para o período 2006-2010 e o novo Presidente, Michel Delebarre, que exercerá as súas funcións ate 2008. Durante os próximos cinco anos os membros galegos forman parte das seguintes comisións sectoriais:

- Comisión de Desenvolvemento Sostible (DEVE): os seus ámbitos de competencia son, entre outros, a política agrícola común e o desenvolvemento rural, a pesca, e o medio ambiente.
- Comisión de Política Territorial (COTER): con competencias nos ámbitos de cohesión económica e social e cohesión territorial, fondos estruturais, cooperación territorial e transportes e redes transeuropeas de transporte.

De entre as principais actividades realizadas polos membros galegos ao longo de 2006, e que contaron co apoio do persoal da Fundación Galicia Europa, cómpre destacar as diferentes iniciativas vinculadas ao debate sobre a constitución das Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial. Neste senso podemos destacar a iniciativa de Galicia para organizar, en colaboración co Comité das Rexións, un seminario externo no marco da comisión COTER. O seminario terá lugar en Galicia durante o segundo semestre de 2007 e se centrará no debate sobre as Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial.

2.3. COLABORACIÓN ENTRE AS OFICINAS REXIONAIS ESPAÑOLAS EN BRUXELAS (CORE)

OS DIRECTORES DAS OFICINAS rexionais españolas en Bruxelas asinaron en 2002 un Acordo de Colaboración co obxectivo de estreitar as súas relacións, mellorar os seus sistemas de información e potenciar os seus recursos humanos. Esta colaboración permitiu ademais reforzar a interlocución ante as institucións europeas e ante a Representación Permanente de España ante a Unión Europea (REPER). Durante o ano 2006 a coordinación das oficinas rexionais foi asumida pola oficina do Goberno de La Rioja no primeiro semestre e pola oficina do Principado de Asturias no segundo, continuando así o labor das representacións de Galicia, Baleares, Andalucía, Madrid, Murcia, Valencia e Navarra.

O ano 2006 estivo marcado polo 20 aniversario da incorporación de España á Unión Europea. Durante estes anos, puxéronse en marcha diversos mecanismos que permitiron ás Comunidades Autónomas verse asociadas progresivamente ós traballos de formación da posición nacional naquelas materias da súa competencia, o que tivo unha incidencia clara no traballo diario desenvolvido polas oficinas de representación autonómica en Bruxelas. Unha das últimas evolucións neste sentido foi a posta en marcha dun sistema de participación autonómica nas formacións do Consello trala firma dos acordos da Comisión para Asuntos relacionados coas Comunidades Europeas (CARCE) en decembro de 2004. Durante o ano 2006, o traballo de seguimento e coordinación das oficinas rexionais foi fundamental para asegurar unha correcta participación autonómica en todos os niveis do Consello da Unión Europea.

Con ocasión do 20 aniversario, as oficinas españolas participaron nalgúns dos actos previstos polas oficinas da Comisión e

do Parlamento Europeo en España, como a iniciativa de invitar a visitar as institucións europeas a mozos nados o 1 de xaneiro de 1986. As oficinas rexionais foron invitadas a participar no programa de actividades e organizaron unha xornada no Comité das Rexións que contou coa presenza dos mozos participantes na iniciativa e dos directores das oficinas rexionais españolas en Bruxelas. Ese mesmo día, celebrouse un encontro co responsable do Plan D (democracia, diálogo, debate) da oficina da Comisión en Madrid, Alejandro Ulzurru.

Os directores das oficinas mantiveron durante 2006 diversos encontros para a discusión de temas de interese común, tales como os relacionados co funcionamento do acordo entre as oficinas, en especial o traballo dos Grupos de Coordinación Técnicos (GCT), os relativos a presenza da delegación española no Comité das Rexións, as relacións coa REPER ou a participación das Comunidades Autónomas no Consello de Ministros da Unión Europea, en particular no tocante ó establecemento de boas prácticas neste ámbito. En relación coas reunións externas mantidas polos directores, hai que destacar as comidas de traballo celebradas cos seguintes responsables comunitarios:

- Alberto Navarro, Secretario de Estado para a Unión Europea, que asistiu acompañado de Carlos Bastarreche, Embaixador Representante Permanente.
- Joaquín Almunia, Comisario para Asuntos Económicos e Monetarios.
- Luis Romero, Director Xeral de Orzamentos da Comisión Europea.
- José Manuel Silva, Director Xeral de Investigación da Comisión Europea.
- Nadia Calviño, Directora Xeral Adxunta da Dirección Xeral de Competencia.

Por último, dentro do marco do CORE iniciáronse unha serie de contactos coa Unidade de Apoio da REPER para afondar na posibilidades de traballo nas institucións europeas para

o persoal procedente das administracións autonómicas, e paralelamente, cos Expertos Nacionais Destacados procedentes das Comunidades Autónomas co obxectivo de mantelos informados sobre o papel das oficinas en Bruxelas.

Por outra banda, organizáronse varias accións de formación dirixidas a bolseiros que realizan prácticas profesionais nas oficinas rexionais ou nas institucións comunitarias. As xornadas de formación para bolseiros celebradas en 2006 contaron coa intervención de persoal da Fundación Galicia Europa en tanto que oficina responsable do Grupo de Coordinación Técnico de Cohesión e en xeral trataron sobre as funcións das oficinas, as súas relacións coas institucións comunitarias, as políticas comunitarias de maior interese para as Comunidades Autónomas e as oportunidades de emprego en Bruxelas.

O GRUPO DE COORDINACIÓN TÉCNICA DE POLÍTICA REXIONAL E DE COHESIÓN

A Fundación Galicia Europa coordina o Grupo de Coordinación Técnico de Política Rexional e de Cohesión das oficinas de representación das Comunidades Autónomas en Bruxelas desde hai xa máis de tres anos. O ano 2006 estivo marcado pola negociación do acordo interinstitucional polo que se formaliza o acordo político sobre as próximas Perspectivas Financeiras (PPFF), pola aprobación definitiva dos regulamentos dos fondos e pola negociación dos Programas Operativos entre a Comisión Europea, os Estados membros e as rexións con vistas á posta en marcha dos programas en 2007, primeiro ano do novo período de programación.

No ámbito das negociacións do Acordo Interinstitucional (AII) realizouse un seguemento das negociacións entre as tres institucións (Consello, Parlamento e Comisión) centrado especialmente na circulación de documentos nos que se detallaban as cantidades previstas para cada un dos programas e accións dentro das distintas categorías de gasto. Así mesmo, prestouse atención ás melloras orzamentarias introducidas polo Parlamento Europeo no curso da negociación. Polo que se refire ós regulamentos de



fondos o seguemento do proceso legislativo consistiu fundamentalmente en asegurar en cada momento a circulación das últimas versións dispoñibles de cada un dos textos legislativos.

Por último, seguiuse con especial interese a nova iniciativa “As rexións, polo cambio económico” para a creación de redes de rexións que traballen especificamente en temas relacionados con Lisboa. Preténdese aproveitar a experiencia acumulada na iniciativa Interreg e Urban e o aspecto máis innovador será a existencia de redes que contarán con apoio directo da Comisión.

En canto ás reunións organizadas durante este ano, hai que destacar a reunión sobre o novo regulamento do Fondo Social Europeo (FSE) organizada en colaboración co Grupo de Emprego e Asuntos Sociais e na que participaron funcionarios da Dirección Xeral de Emprego e Asuntos Sociais da Comisión Europea, así como a reunión informativa sobre as iniciativas JEREMIE e JESSICA que contou coa participación do representante do Fondo Europeo de Investimentos en Bruxelas e de funcionarios da Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea.

2.4. ORGANIZACIÓN DE VISITAS DE REPRESENTANTES GALEGOS A BRUXELAS

A **OFICINA DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA** en Bruxelas desempeña un importante labor de participación na organización de visitas de responsables políticos e técnicos do sector público ou privado galego, así como de grupos diversos procedentes de Galicia á capital europea.

En liñas xerais, o traballo desenvolvido pola oficina pode incluír as seguintes tarefas:

- Definición, de acordo cos interesados, dos interlocutores mais apropiados no seo das institucións europeas (principalmente, Comisión e Parlamento Europeo), na Representación Permanente de España ante a Unión Europea e outros organismos ou asociacións establecidos en Bruxelas ou vinculados ao mundo europeo que poidan ser de interese.
- Establecemento dos contactos e confección dos programa de visitas.
- Asesoramento técnico en relación coas políticas europeas concernidas.
- Acompañamento durante as entrevistas: prestación de apoio técnico e loxístico.
- No caso de visitas de grupos, organización de charlas nas institucións europeas e na propia Fundación Galicia Europa sobre a Unión Europea.

Durante o ano 2006, cómpre resaltar as visitas dos seguintes responsables políticos e técnicos a Bruxelas:



- § O conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio, desprázase en dúas ocasións a Bruxelas e a Luxemburgo, mantendo encontros cos comisarios europeos responsables da Política Rexional e dos Asuntos económicos e Financeiros da Unión Europea, e coas mais altas instancias do Banco Europeo de Investimentos (BEI) e do Fondo Europeo de Investimentos (FEI), entre outros.
- § A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Elena Sánchez Piñón, réunese en Bruxelas con diversos responsables europeos do ámbito da educación e a I+D, entre os que cabe citar o Director Xeral de I+D da Comisión Europea e o Presidente da Comisión de Cultura e Educación do Parlamento Europeo. Con posterioridade, participa en Copenhague nunha conferencia internacional baixo o título “Investindo en investigación e innovación: intercambio de experiencias europeas nun contexto nórdico”, onde se lle organizan encontros, entre outros, co Director da Rede “Centro de Excelencia do Canadá” e co Director do espazo Europeo de Investigación da Dirección Xeral de I+D da Comisión Europea.

- § Participación no Consello de Ministros da Unión Europea en representación de todas as Comunidades Autónomas:
 - O Conselleiro de Traballo da Xunta de Galicia, Ricardo Jacinto Varela Sánchez, participa nas dúas reunións do Consello de Emprego, Políticas Sociais, Saúde e Consumidores, celebradas durante o segundo semestre de 2006.
 - O Vicepresidente da Xunta de Galicia, Anxo Quintana Rodríguez, participa na reunión do Consello de Educación, Xuventude e Cultura celebrada durante o segundo semestre de 2006.
- § O secretario xeral de Relacións Exteriores, membro suplente do Comité das Rexións (CdR), trasládase a Bruxelas en múltiples ocasións para representar a Galicia nas cinco sesións plenarias que o CdR celebra durante 2006, así como nas reunións correspondentes das comisións COTER e DEVE do CdR das que Galicia é membro.
- § Cómpre destacar os múltiples desprazamentos a Bruxelas do Director Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, Aureliano García González-Llanos, en relación coa preparación do cadro estratéxico de desenvolvemento de Galicia.
- § Organización de visitas de grupos a Bruxelas:
 - Consello Regulador da Indicación xeográfica protexida “Ternera Galega”.
 - Grupo de Técnicos de Emprego da Deputación de Ourense.
 - Curso sobre “A Unión Europea: Historia, Economía, Institucións, Cohesión Social, Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible” da Universidade de Santiago de Compostela.

2.5. ACTIVIDADES CULTURAIS EN BRUXELAS

ENTRE AS FINALIDADES DA OFICINA en Bruxelas da Fundación Galicia Europa atópase a difusión e promoción da identidade e a cultura galega na capital belga mediante o desenvolvemento de iniciativas en todos os ámbitos da cultura.

A presenza dunha destacada comunidade europea e internacional residente en Bruxelas, en tanto que sede das institucións da Unión Europea, converte a esta cidade nun escenario idóneo para dar a coñecer diversas facetas da cultura galega a través de exposicións, concertos, conferencias ou outras actividades dirixidas, en boa medida, a un público caracterizado pola súa vinculación coa Unión Europea, pero procurando chegar á sociedade belga en xeral.

En moitos casos estas actividades son o froito de colaboracións con outras institucións galegas, ademais de españolas e europeas, de carácter tanto público como privado. A colaboración coa comunidade galega de Bruxelas e os centros galegos ocupa tamén un lugar destacado.

“O VELORIO DE PAT O’CONNOR, PEQUENO DIVERTIMENTO” (23 DE FEBREIRO)

A obra, que está escrita a partir do texto de N. Bela “Os cravos de prata”, foi interpretada pola Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela.

A representación, que tivo lugar no espazo LEOPOLD S.SENGHOR de Bruxelas, contou cunha nutrida asistencia de membros da comunidade galega residente en Bruxelas así como de numerosos españois, belgas e persoas doutras nacionalidades que senten unha especial atracción por Galicia e a súa cultura.



EXPOSICIÓN DA ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTE E CULTURA NO PARLAMENTO EUROPEO (28 DE MARZO)

Dende o día 28 de marzo e durante unha semana, a sede do Parlamento Europeo en Bruxelas acolleu a exposición colectiva Galiciarte, na que se puideron atopar pinturas, esculturas e obras plásticas de vinte e tres artistas galegos, membros todos eles da Asociación Galega de Arte e Cultura. Entre os virtuosos do color, atopábanse Antonio Abad, Natalia Rodríguez, Matilde del Castillo, Jesús Pereira, Esther Molinero, Pepe Pote, Víctor Rey, Albino Rodríguez e Carmen Sevillano. Algúns dos escultores participantes foron Teresa Añón, Flor Fernández, Marisa Fraga, Pepa Mariño e Cuca Fraga.

Esta iniciativa foi impulsada pola eurodeputada Rosa Miguelé. O cóctel de inauguración foi ofrecido pola Fundación Galicia Europa e contou coa participación da embaixadora de España en Bélxica, María Victoria Morera e máis dun centenar de persoas.

CELEBRACIÓNS NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS (17 DE MAIO)

Co gallo da celebración do día das Letras Galegas, a Fundación Galicia Europa programou uns actos para achegar a lingua, a literatura e a cultura galega á capital comunitaria. Este ano, a xornada do 17 de maio, organizada en Bruxelas, contou coa participación do presidente do Consello da Cultura Galega, D. Ramón Villares Paz, e da secretaria xeral da Igualdade, D^a María do Carme Adán Villamarín.

O presidente do Consello da Cultura Galega, foi encargado de impartir un seminario sobre Galicia, dentro dun ciclo de conferencias para os profesores belgas que ensinan o español. Organizado conxuntamente coa Consellería de Educación da Embaixada de España en Bruxelas e a Fundación Galicia Europa, este encontro desenvolveuse ao longo da tarde na sede de Fundación e nel abordouse a realidade de Galicia como unha cultura de Occidente a través da súa unidade e diversidade no espazo, os xeitos de asentamento sobre o territorio, a relación coa cultura europea románica, o esplendor barroco, o papel dos pazos e mos-



teiros, o rexurdimento cultural e a afirmación rexional ata chegar á época autonómica actual.

Paralelamente, a Secretaria Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Xunta de Galicia, presentou o libro “Polifonías” nun acto que se celebrou na Librería Orfeu. Esta obra, editada pola Xunta de Galicia, recolle versos de poetas galegas contra a violencia de xénero.

Ó final da tarde, tivo lugar, na sede do Instituto Cervantes, unha conferencia que baixo o título “Reflexións sobre a Galicia actual” correu a cargo do presidente do Consello da Cultura Galega, D. Ramón Villares Paz.

A conferencia foi seguida dunha cea-coloquio á que asistiron a secretaria xeral de Igualdade e mailo presidente do Consello da Cultura Galega. Este encontro estivo aberto ao público, previa confirmación da súa asistencia.

EXPOSICIÓN DE PINTURA “XENTE NO CAMIÑO” NO PARLAMENTO EUROPEO (9–12 OUTUBRO)

Do 9 ao 12 de outubro, a sede do Parlamento Europeo en Bruxelas acolleu a mostra itinerante do pintor galego Alfredo Erias que leva por título “Xente no Camiño”.

A exposición recolle unha serie de debuxos e pinturas sobre a imaxe dos galegos na Baixa Idade Media, especialmente na provincia da Coruña. Cabaleiros, bispos e reis conviven nestes debuxos ao lado de notarios, doncelas, músicos, burgueses, acróbatas... Outras escenas remiten ós labores campesiños propios de cada época do ano, ós peregrinos no seu camiño ata Santiago de Compostela o á condena dunha muller adúltera.

A exposición contou co apoio do eurodeputado Antolín Sánchez Presedo e da Deputación da Coruña. Co gallo da participación de Galicia na Semana Europea das Rexións e Cidades (Open Days 2006), que se celebrou nas mesmas datas, a Fundación Galicia Europa ofreceu un cóctel de inauguración da exposición o día 10 de outubro, que contou coa presenza do presidente do Parlamento Europeo, Josep Borrell.



OUTRAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN:

- Festas españolas dos *stagiaires* españois da Comisión Europea (febreiro-xuño-decembro).
- Día da Gastronomía galega, organizado pola Asociación Belgo-Española de Retinne (marzo- decembro).
- Festa española do Colexio de Europa en Bruxas (marzo).
- Conferencia impartida pola profesora D^a Pilar García Negro co gallo do Día das Letras Galegas, organizada pola Livraria Orfeu (maio).
- Festa da Escola Europea de Ixelles (maio).
- Presentación en Bruxelas do novo traballo do grupo musical galego Ialma (maio).
- “XVII Campionato de golf para os Españois” (xuño).
- Festa da Escola Europea de Uccle (xuño).
- “A noite galega”, sesión organizada no marco dos cursos de español dun colexio de Gante (xuño).
- Conmemoración do XXX aniversario da Asociación Internacional da Prensa de Bruxelas (API) (xuño).
- XX Aniversarios da Asociación de Amigos de Santiago de Compostela en Bélxica – xuntanza internacional (novembro).
- Bazar de Nadal da OTAN (novembro).

- Bazar de Nadal da Asociación benéfica Femmes d'Europe (novembro).
- Concurso organizado por “Radio Alma” sobre as rexións de España (novembro).
- “Tarde galega”, sesión organizada no marco duns cursos de español para adultos (decembro).






3. FOMENTO DA PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS

3. Fomento da participación galega
en proxectos europeos





INFO DAY: REGIONS OF KNOWLEDGE
7º PROGRAMA MARCO DE
Santiago de Compostela, 21 de



A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA fomenta a participación de entidades galegas interesadas nos programas europeos, promovendo o traballo en rede e o intercambio de experiencias entre os potenciais interesados.

O apoio ás entidades galegas interesadas en participar ou emprender proxectos europeos tradúcese en:

- A transmisión de información sobre as convocatorias de propostas.
- O asesoramento na selección de instrumentos financeiros e na redacción de propostas.
- A asistencia na procura de socios trasnacionais e a difusión en Galicia das propostas de proxectos procedentes do exterior.
- A posta en contacto cos xestores de programas europeos na Comisión Europea.
- A posta a disposición dos interesados dunha sala de reunións en Bruxelas para manter encontros cos socios.
- A difusión de resultados dos proxectos desenvolvidos.

OPEN DAYS 2006: A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA LIDERA UN CONSORCIO DE 11 REXIÓNS EUROPEAS

O Comité das Rexións, en colaboración coa Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea e coas oficinas rexionais en Bruxelas organiza con carácter anual un evento baixo o título “Semana europea das cidades e rexións-Open Days”. Os Open Days constitúen un instrumento de enorme visibilidade e impacto para as actividades rexionais en Bruxelas, representando, ademais, unha excelente plataforma para dar a coñecer as boas prácticas rexionais a escala europea. A edición deste ano:

“Open Days 2006” estivo adicada ao tema “Investir nas cidades e rexións europeas”, centrándose naquelas iniciativas públicas e privadas que perseguen impulsar a competitividade, o crecemento e o emprego.

De entre as numerosas propostas presentadas para este ano, a Secretaria Xeral do Comité das Rexións seleccionou a realizada pola Fundación Galicia Europa. O proxecto liderado por Galicia propuña involucrar a un consorcio formado por once rexións europeas procedentes de seis Estados membros que pretenden traballar en torno a unha iniciativa común titulada: “Innovative Solutions for Regional Competitiveness”. Ademais de Galicia, participaron as rexións de Extremadura (ES), Cantabria (ES), Lodz (PL), Kujawsko-Pomorskie (PL), Estiria (AT), West Pannonia (HU), a antena interrexional de Bretaña (FR), -Pays de la Loire- (FR), Poiteau Charentes (FR), e North East England (RU). Esta iniciativa responde o obxectivo da Fundación Galicia Europa de crear novas redes de traballo e vínculos con outros socios en Europa co fin de intercambiar boas prácticas en diferentes eidos como son a atracción de investimentos ou o apoio á innovación e ó desenvolvemento sostible.

O obxectivo principal do proxecto foi organizar unha serie de seminarios e conferencias onde se presentaron boas prácticas e experiencias relacionadas co fomento dos partenariados público-privados e da competitividade rexional a través de clústers, redes e polos de innovación.

Neste contexto, a Fundación Galicia Europa organizou dous seminarios en Bruxelas os días 10 e 11 de outubro e un “evento descentralizado” en Vigo o 9 de outubro. O primeiro seminario celebrado en Bruxelas, titulado “Compartindo experiencias para incentivar a competitividade rexional: exemplos de boas prácticas de clústers, polos de innovación e redes de traballo”, centrouse nas mellores prácticas relacionadas cos polos de innovación e as redes de traballo. O segundo seminario, titulado “Promocionando solucións innovadoras” centrouse nas novas tendencias en cooperación entre os sectores público e privado co obxectivo de fomentar a competitividade.

Estes seminarios foron inaugurados e presididos por representantes da Dirección Xeral de Empresa e Industria (Nikos Pantalos) e da Dirección Xeral de Investigación (Louis Bellemin e David Ulihr) da Comisión Europea. A Comisión Europea tamén contribuíu activamente ós seminarios coa realización de presentacións referentes ao Programa de Competitividade e Innovación 2007-2013 e ao 7º Programa Marco de I+D+I 2007-2013. Ademais, nove relatores procedentes de once rexións europeas que forman parte do consorcio presentaron unha serie de proxectos concretos nos que participaron directamente.

Ademais, no seminario do día 11 de outubro, presentouse en Bruxelas a experiencia do Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA) como exemplo das boas prácticas no eido da innovación rexional. Con este motivo, desprazouse a Bruxelas, Antonio Vega Martínez, Presidente de CEAGA para intervir como relator neste foro e presentar a experiencia deste clúster a escala europea.

Estes eventos deron a oportunidade ós participantes procedentes de toda Europa de compartir experiencias e establecer contactos cos relatores para a obtención de consellos sobre a posta en práctica de proxectos similares a desenvolver no futuro. Tamén permitiu difundir a escala europea os resultados de experiencias innovadoras como é o caso da de CEAGA.

Por outra banda, polo que se refire as actividades desenvolvidas en Galicia, a organización dunha xornada de debate en Vigo o 9 de outubro en torno a procura de solucións innovadoras para o fomento da competitividade rexional, permitiu reavivar e trasladar unha vez máis, no seo da nosa Comunidade Autónoma, un debate de plena actualidade en Europa. A xornada organizada pola Fundación Galicia Europa en colaboración coa Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia permitiu efectuar unha análise da cooperación entre o sector público e privado de cara á potenciación da competitividade rexional, compartindo experiencias e presentando como exemplo de boas prácticas empresariais o caso do clúster do automóbil de Galicia.

O acto, presentado por Santiago Gómez-Reino Lecoq, secretario xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia e director da Fundación Galicia Europa, contou coa participación, de Salustiano Mato de la Iglesia, director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Xunta de Galicia, Xavier Ven- ce Deza, catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, Javier Riera Nieves, director do Grupo PSA Peugeot-Citröen, o director xeral de Promoción Tecnolóxica e Científica do Sistema Universitario Galego da Xunta de Galicia, Rogelio Conde-Pumpido Tourón, o director xeral de Enerxía da Comisión Europea, Pablo Fernández Ruíz, e o director xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios da Xunta de Galicia, Aureliano García González-Llanos.

No marco dos Open Days 2006 e dentro dos actos previstos en Bruxelas, organizouse unha nova iniciativa denominada INVESTORS' CAFE e na que tamén participou a Fundación Galicia Europa. Dita iniciativa tiña como obxectivo reunir baixo un mesmo teito a oferentes e demandantes de investimentos nas rexións europeas. En representación dos demandantes de financia-



ción estiveron presentes axencias de desenvolvemento económico procedentes da maioría das rexións europeas. En representación dos oferentes de financiación participaron as institucións comunitarias, organismos públicos, asociacións de empresas europeas, Cámaras de Comercio, empresas, etc. Galicia, que contou cun exposición do IGAPE durante os días 9 a 12 de outubro estivo representada por Casto Varela Gesto, director da área de Promoción, Innovación e Información empresarial do IGAPE, e por Leopoldo Yeste Sánchez, subdirector de promoción empresarial.

Devandito foro permitiu ao IGAPE coñecer mellor ós seus interlocutores en outras rexións (axencias de desenvolvemento e organismos de promoción do investimento de carácter rexional) procedentes de outros Estados membros e as súas estratexias rexionais de atracción de investimento. Con carácter paralelo, e para estimulalo debate entre os territorios rexionais e os actores interesados en investir nas rexións tiveron lugar 33 conferencias nas que participou a Presidencia finlandesa, varios Comisarios europeos, altos funcionarios das institucións comunitarias, directivos de grandes empresas europeas, etc.

Ademais, a Fundación Galicia Europa participou na apertura e clausura oficial dos Open Days 2006, eventos que contaron coa participación, entre outros, do presidente da Comisión Europea e dos comisarios de Política Rexional, Danuta Hübner e de Emprego e Asuntos Sociais, Vladimir Spidla así como o presidente do Comité das Rexións, Michel Delebarre. Todos eles coincidiron en que os Open Days son un instrumento ideal para intercambiar boas prácticas e atopar a resposta os desafíos que presenta a estratexia de Lisboa as rexións.

Por último, cómpre destacar a participación da Fundación Galicia Europa na recepción oficial Open Days 2006, a través dunha exposición que dispuxo o consorcio de rexións europeas liderado por Galicia “Innovative solutions for regional competitiveness”. A exposición que tivo lugar no Museo de Arte e Historia do Parque do Cincuentenario permitiu presentar ante os nosos socios europeos a cultura gastronómica galega a través dunha degustación de produtos variados procedentes da nosa rexión.

No apartado de avaliación e polo que se refire os resultados desta participación en Open Days 2006, hai que salientar o seguinte:

- En primeiro lugar, a participación nesta iniciativa permitiu crear unha rede composta por once rexións que permitiranos seguir cooperando noutros terreos. A Fundación Galicia Europa recibiu varias felicitacións pola coordinación efectuada por Galicia e mostráronnos a súa vontade de seguir cooperando e desenvolver conxuntamente outras iniciativas.
- En segundo lugar, gracias a esta iniciativa a Fundación Galicia Europa gañou visibilidade e prestixio de cara ás institucións e os organismos comunitarios, principalmente, a Comisión Europea. Galicia e a Comunidade Valenciana foron as únicas rexións españolas que lideraron un consorcio durante a edición de este ano. Varios representantes da Comisión Europea que participaron en eventos organizados por Galicia ofreceron a súa colaboración para desenvolver outras iniciativas, sendo o Infoday do 21 do novembro en Santiago de Compostela, unha delas (Para máis información ver o apartado seguinte).
- En terceiro lugar, a participación do Presidente do Clúster do Automóvil de Galicia, nun dos seminarios organizados pola Fundación Galicia Europa en Bruxelas serviu para presentar a escala europea un dos clústers máis dinámicos de España e de Europa. En relación con este tema, durante a sesión de peche dos Open Days 2006, a Comisaria de Política rexional, Danuta Hübner, salientou a importancia dos clúster como instrumento para potenciar a competitividade das rexións europeas.

INFO DAY 2006: A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA PRESENTA EN ESPAÑA OS PROGRAMAS DO 7º PROGRAMA MARCO DIRIXIDOS AS REXIÓNS

A Fundación Galicia Europa, en colaboración coa Xunta de Galicia e a Comisión Europea organizou o 21 de novembro unha sesión informativa en Santiago de Compostela. O obxecti-

vo era presentar, por primeira vez en España os programas do 7º Programa Marco de I+D 2007-2013 dirixidos ás rexións. Estes programas denomínanse “Rexións do Coñecemento” e “Potencial Investigador”. Con este obxectivo, trasladáronse a Santiago de Compostela Louis Bellemin, xefe de unidade da dimensión rexional, e Brigitte Fellahi, xestora de proxectos europeos na mesma unidade. Durante esta xornada informativa presentáronse os contidos de ámbolos dous programas así como o calendario das primeiras convocatorias de propostas.

Dita xornada, que foi inaugurada pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, contou ademais coa participación do director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, Salustiano Mato de la Iglesia, e co director xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario Galego, Rogelio Conde-Pumpido. Polo que ó público se refire, na xornada participaron representantes procedentes das administracións públicas, universidades, centros tecnolóxicos e empresas galegas. Entre o público participante estiveron presentes representantes de todo o noroeste español principalmente, procedentes das administracións públicas autonómicas.

En canto ós programas presentados, o programa “Rexións do Coñecemento”, ten como obxectivo crear redes de rexións procedentes de diferentes Estados co gallo de potenciar a creación de clústeres impulsados pola investigación e que estean asociados a universidades, centros de investigación, empresas e autoridades rexionais. Para iso, está previsto que se financien, en primeiro lugar, estudos de intercambio de boas prácticas sobre o desenvolvemento de clústeres e, en segundo lugar, asociacións entre centros públicos e privados procedentes de diferentes rexións que teñan como obxectivo maximizar os investimentos en I+D+I.

O programa “Potencial investigador” está exclusivamente dirixido ás rexións obxectivo converxencia (como é o caso de Galicia), de efecto estatístico e ás ultraperiféricas. O seu obxectivo é fortalecer as capacidades de investigación de ditas rexións a través de intercambios de investigadores, a atracción de investigado-



res ás rexións europeas, o financiamento de infraestruturas de investigación, a transferencia de coñecementos entre rexións e a difusión de actividades realizadas polos seus centros de investigación.

I TORNEO EUROPEO DE POLICÍAS E BOMBEIROS: A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA ORGANIZA A SÚA PRESENTACIÓN EN BRUXELAS

A Fundación Galicia Europa respaldou a organización do primeiro Torneo Europeo de Policías e Bombeiros (EUROPOLYB), celebrado en Pontevedra entre o 22 e o 25 de xuño. A través dos contactos establecidos coa Comisión Europea, conseguíronse cartas de patrocinio do seu vicepresidente e comisario de Xustiza, Liberdade e Seguridade, Franco Frattini, e do comisario de Educación e Cultura, Jan Figel. Así mesmo, celebrouse unha rolda de prensa na oficina da FGE en Bruxelas, na que o presidente de EUROPOLYB, José Carlos Baquero presentou o torneo ós medios, acompañado e apoiado polo eurodiputado galego, Antolín Sánchez Presedo, polo xefe de unidade adxunto de Deportes da Comisión Europea, Pedro Velázquez, e polo vicepresidente da

Federación Mundial dos Xogos de Policías e Bombeiros, Robert Thomas.

A Fundación Galicia Europa quixo, ademais, dar a este acto a maior visibilidade posible, difundindo información e material publicitario entre as oficinas rexionais de Bruxelas e outras entidades interesadas en Bélxica.

O I Torneo Europeo de Policías e Bombeiros é o primeiro destas características existente a escala europea e ten por obxectivo achegar as forzas de seguridade ós cidadáns e fomentar o intercambio de experiencias entre os participantes. A primeira edición celebrada e organizada en Pontevedra resultou ser un éxito e atraxo a preto de 1.500 participantes, procedentes de diferentes países europeos, que competiron en 31 modalidades deportivas. Os xogos mobilizaron, ademais, ós cidadáns, que tiveron oportunidade de participar nalgún dos actos organizados, e obtiveron unha gran repercusión económica e social na zona.





Avda. de Galicia, 100
15101 Santiago de Compostela

Teléfono: **+34 981 541012**

Correo electrónico: info@fundaciongaliciaeuropa.org

Fundación
GALICIA EUROPA

bienvenidos a
la fundación galicia
europa

Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Sed donec euismod bibendum. Ut euismod lacus. Donec magna aliquam. Ut volutpat. Ut wisi. Ut enim ad minim veniam, quis nostrud exercitation ullamco laboris nisi ut aliquip ex ea commodo consequat.

Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur



Tu empresa
también es Europa

Si buscas proyección, asesoramiento o ayuda para tu negocio, ponemos fácil. Porque Europa te interesa.

4. Información e publicaciones

4. INFORMACIÓN E PUBLICACIONES

07.11.2006. Primera Noticia3

Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pellentesque tempus, quam ac lobortis pul...
[Ver Noticia...](#)

07.11.2006. Primera Noticia2

Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pellentesque tempus, quam ac lobortis pul...
[Ver Noticia...](#)

07.11.2006. Primera Noticia

Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pellentesque tempus, quam ac lobortis pul...
[Ver Noticia...](#)

Boletín de la Fundación Galicia Europa

Si desea estar informado de las últimas noticias de Galicia y la UE, regístrese y recibirá nuestro boletín informativo

[-Suscribirse](#)

Cuarta Noticia

07/11/2006: Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pellentesqu...

Cuarta Noticia2

07/11/2006: Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pellentesqu...

Cuarta Noticia3

07/11/2006: Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pellentesqu...

Cuarta Noticia4

07/11/2006: Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pellentesqu...

¿Quiénes somos?
¿Qué hacemos?

Teléfono: **+34 981 541012** | [Email: info@fundaciongaliciaeuropa.com](#)

[¿Quiénes somos?](#) | [¿Qué hacemos?](#) | [Actividades y becas](#) | [Unión Europea](#) | [Proyectos europeos](#)

Buscar en la Web...

Fundación
GALICIA EUROPA

[¿QUIÉNES SOMOS?](#) | [¿QUÉ HACEMOS?](#) | [ACTIVIDADES Y BECAS](#) | [UNIÓN EUROPEA](#) | [PROYECTOS EUROPEOS](#)

bienvenidos a la fundación galicia europa

Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit, sed do eiusmod tempor incididunt ut labore et dolore magna aliqua. Ut enim ad minim veniam, quis nostrud exercitation ullamco laboris nisi ut aliquip ex ea commodo consequat.

Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur



Tu empresa también es Europa

Si buscas proyección, asesoramiento o ayuda para tu negocio, te lo ponemos fácil. Porque Europa te interesa. Infórmate

AYUDA
NOTICIAS
ACTOS

DESTACADOS

NOTICIAS DE LA UE

07.11.2006. Primera Noticia3

Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pellentesque tempus, quam ac lobortis pul...
[Ver Noticia...](#)

07.11.2006. Primera Noticia2

Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pellentesque tempus, quam ac lobortis pul...
[Ver Noticia...](#)

07.11.2006. Primera Noticia

Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pellentesque tempus, quam ac lobortis pul...
[Ver Noticia...](#)



Boletín de la Fundación Galicia Europa

Si desea estar informado de las últimas noticias de Galicia y la UE, regístrese y recibirá nuestro boletín informativo

[-Suscribirse](#)

Quinta Noticia

07/11/2006: Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pellentesqu...

Cuarta Noticia2

07/11/2006: Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pellentesqu...

Cuarta Noticia3

07/11/2006: Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pellentesqu...

Cuarta Noticia4

07/11/2006: Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pellentesqu...

Fundación
GALICIA EUROPA

Fundación Galicia Europa, 2004

[Aviso legal](#) | [Protección datos](#) | [Compatibilidad de la web](#) | [Acceso Fundación](#)

4.1. INFORMACIÓN: ADOPCIÓN DE NOVOS PROGRAMAS COMUNITARIOS PARA O PERÍODO FINANCEIRO 2007-2013

TENDO EN CONTA A IMPORTANCIA e o impacto económico que para Galicia terán os programas comunitarios que forman parte do novo marco financeiro 2007-2013, a Fundación Galicia Europa seguiu con especial atención o proceso de deseño destes programas nos que se concretan as modalidades e categorías de gasto acordadas nas perspectivas financeiras. O obxectivo que se perseguíu desde a Fundación Galicia Europa foi proporcionar unha información clara e puntual sobre a estrutura e orzamento dos novos programas co obxecto de que tanto as Administracións públicas como os actores privados poidan empezar a preparar actuacións que se correspondan coas prioridades identificadas nos mesmos.

Ademais dos fondos estruturais, Galicia será beneficiaria de fondos destinados á I+D dentro do 7º Programa Marco e do Programa de Competitividade e Innovación, do Fondo Europeo da Pesca e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural entre outros. Nun contexto financeiro caracterizado pola contención do gasto e no que os programas tradicionais (agricultura, transportes, xuventude...) perden peso relativo é fundamental aproveitar as oportunidades aínda existentes neses campos e prepararse para competir polos fondos destinados ás novas prioridades relacionadas coa innovación, a investigación e a competitividade.

4.1.1. POLÍTICAS DE I+D+I

Neste contexto, durante o ano 2006, a Fundación Galicia Europa fixo un seguimento de preto dos trámites de aprobación do 7º PM 2007-2013. Durante este ano, o Consello e o Parlamento Europeo deron a coñecer a súa opinión sobre o novo programa. Finalmente foi adoptado e publicado no DOUE o pasado 18 de decembro.

Se ben a proposta inicial da Comisión propuña dotar o programa de I+D para o período 2007-2013 (sete anos) dun orzamento de 67.800 millóns de euros a prezos de 2004, finalmente, reduciuse dito orzamento a 50.521 millóns de euros para todo o período 2007-2013.

Con todo, existe un notable incremento orzamentario, en relación co período anterior, que demostra a importancia que a Comisión Europea outorga ás actividades de investigación, concedéndolles un papel clave no proceso de Lisboa (obxectivo establecido polos xefes de Estado e de Goberno no Consello Europeo de Lisboa no ano 2000- “que Europa se converta na economía baseada no coñecemento máis competitiva do mundo”) e no proceso de Barcelona (obxectivo establecido polos xefes de Estado e de Goberno no Consello Europeo de Barcelona no ano 2002- “que no 2010 os Estados membros da Unión Europea invistan o 3% do seu PIB en I+D+I, procedendo dous tercios dese investimento do sector privado”).

O novo programa dálle unha maior énfase á investigación relevante para a industria Europea, para axudala a competir internacionalmente e desenvolver o seu rol como líder en certos sectores. O obxectivo principal é que a os resultados da investigación financiada con cargo ó programa marco se transfiran ó sector privado, incrementando a competitividade deste sector en Europa.

Con este obxectivo, inclúense no Programa Marco, catro programas específicos, que abren novas posibilidades de financiar as actividades de investigación e desenvolvemento en Galicia. En primeiro lugar, hai que destacar, o Programa Cooperación (32.365 millóns de euros para o período 2007-2013 a prezos

constantes durante os 7 anos). O obxectivo deste programa é que Europa se converta no líder mundial a través dunha intensa cooperación entre a industria e as institucións de investigación. Con ese fin, prevése financiamento destinado ás actividades de investigación de carácter trasnacional. Neste apartado, a Comisión define dez áreas temáticas prioritarias a financiar para o próximo período.

En segundo lugar atópase o Programa Ideas, que conta cun orzamento de 7.460 millóns de euros e ten como obxectivo financiar a investigación básica promocionando a competitividade entre diferentes equipos de investigadores procedentes de diferentes zonas de Europa.

En terceiro lugar, o Programa Persoas que dispón de 4.728 millóns de euros para o período 2007-2013. O obxectivo é potenciar o desenvolvemento das carreiras científicas dos investigadores europeos a través de accións dirixidas á formación e á mobilidade dos investigadores europeos.

Por último, o Programa Capacidades que está dotado de 4.217 millóns de euros. Este programa ten especial interese para Galicia, pois prevé dar apoio financeiro o establecemento de infraestruturas de investigación de ámbito europeo, á creación de clústeres rexionais, ó estímulo do potencial investigador nas rexións denominadas de converxencia (anteriormente chamadas “rexións obxectivo 1”), a creación de redes compostas polos actores implicados na investigación nunha determinada rexión e que lles permita traballar de modo conxunto, etc. Por este motivo, a Fundación Galicia Europa en colaboración coa Xunta de Galicia organizou un Info day o 21 de novembro en Santiago de Compostela. (Para máis información, ver o apartado 3).

Por outra banda, hai que destacar a adopción no ano 2006 do Programa Marco para a Innovación e a Competitividade (2007-2013) que ten como obxectivo potenciar todas as actuacións comunitarias no eido da empresa, dirixidas a reforzar a competitividade industrial, a innovación, o desenvolvemento e utilización das Tecnoloxías de Comunicación e Información (TICs), as tecnoloxías medioambientais e a enerxía intelixente.

Dende a Fundación Galicia Europa fíxose un seguemento, dende a adopción da proposta ata a súa aprobación final e posterior publicación o 9 de novembro de 2006. Dito programa conta con tres bloques de actividade. En primeiro lugar, o programa de asociacións empresariais e innovación, especialmente dirixido ás PEMEs (2.166 millóns de euros). O seu obxectivo e promover, mellorar e fomentar a innovación (incluída a ecolóxica). En segundo lugar, o programa de apoio ás políticas en TICs, para axudar á adopción das TICs nas empresas, administracións e no sector público (728 millóns de euros). En terceiro lugar, o programa enerxía intelixente para Europa (727 millóns de euros) que ten como finalidade cumprir os obxectivos comunitarios no eido da enerxía sostible.



4.1.2. POLÍTICA REXIONAL

A nova política rexional deseñada polas institucións da Unión Europea quere contribuír de maneira eficaz ó crecemento económico das rexións de Europa fomentando políticas que dean prioridade á innovación. De feito, nos próximos anos, as rexións obxectivo converxencia como Galicia terán que destinar o 60% dos fondos que reciban a accións que contribúan ós denominados obxectivos de Lisboa.

Galicia atópase, posiblemente por última vez, entre as rexións obxectivo converxencia, anteriormente denominadas rexións obxectivo 1, e dende esta situación privilexiada débese afrontar a transición dun modelo de intervencións estruturais baseado na inversión en infraestruturas a outro baseado na innovación. Dada a relevancia deste proceso para a nosa Comunidade, os traballos de deseño da nova política rexional para o período 2007-2013 constituíron unha das prioridades da Fundación Galicia Europa para o ano 2006. Neste último ano de preparación antes da posta en marcha dos novos programas, as actividades da Fundación Galicia Europa estiveron centradas na avaliación do impacto do acordo das perspectivas financeiras sobre a capacidade de intervención dos fondos e no seguimento e análise do proceso de aprobación dos instrumentos legislativos que rexerán o próximo período de programación.

Os distintos departamentos da Xunta de Galicia involucrados na programación e xestión dos fondos, así como aqueles actores da sociedade civil galega que solicitaron a colaboración da Fundación Galicia Europa, foron informados con carácter periódico da evolución e implicacións do novo marco legislativo da política rexional. Non obstante, o labor da Fundación Galicia Europa non se limitou só á importante tarefa de informar á administración autonómica e en xeral á sociedade galega, senón que a Fundación Galicia Europa implicouse activamente nas actividades das institucións comunitarias e nos foros e grupos de traballo sobre a cohesión económica e social que permiten ós actores rexionais unha mellor defensa dos seus intereses.

O Comité das Rexións, por medio da actividade do secretario xeral de Relacións Exteriores en calidade de membro deste órgano, continuou a ser o principal foro no que a Comunidade Autónoma de Galicia puido defender os seus puntos de vista sobre o futuro da política rexional. Como membro da comisión COTER, Galicia participou na adopción dos ditames sobre “A política de cohesión e as cidades: contribución urbana ó crecemento e ó emprego nas rexións”, sobre o “Terceiro paquete de medidas legislativas para a seguridade marítima” e sobre o “Informe da Comisión - A estratexia de crecemento y emprego e a reforma da política de cohesión europea: Cuarto informe intermedio sobre a cohesión”.

Por outro lado, a Fundación Galicia Europa participou en tódalas actividades organizadas pola Comisión para favorecer unha interlocución directa coas rexións, responsables últimas da correcta aplicación das directrices comunitarias en materia de cohesión. Entre estas actividades cabe destacar a rolda de prensa organizada por Danuta Hübner, comisaria de Política Rexional, para as oficinas rexionais en Bruxelas con motivo da presentación dos novos programas e instrumentos da política rexional para 2007-2013 e o seminario “Obxectivos estratéxicos e ámbitos fundamentais en relación con España no período de programación 2007-2013” organizado pola dirección xeral de Política Rexional.

Os responsables da dirección xeral de Política Rexional consideran que as rexións obxectivo converxencia, entre as que se atopa Galicia, están nunha situación privilexiada para realizar unha transición suave cara o grupo de rexións que caen dentro do obxectivo competitividade, xa que seguirán recibindo cartos para cubrir as carencias en infraestrutura e medio ambiente ó tempo que comezan a investir en innovación. A base xurídica da política de cohesión para o período 2007-2013 foi adoptada en xullo de 2006 e está formada por cinco regulamentos:

- Regulamento xeral, que se aplica ó Fondo de Cohesión, FSE e ó FEDER
- Regulamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

- Regulamento do Fondo Social Europeo (FSE)
- Regulamento do Fondo de Cohesión
- Regulamento que establece una Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT)


Con respecto ó período de programación 2000-2006, simplifícase a arquitectura da política de cohesión. De 9 obxectivos e 6 instrumentos, pásase a 3 obxectivos (converxencia, competitividade e cooperación territorial) e 3 instrumentos (FEDER, FSE e Fondo de Cohesión). Os programas operativos fináncianse mediante un único fondo (FEDER o FSE) agás para os programas de infraestruturas nos que interveñen conxuntamente o FEDER e o Fondo de Cohesión. No Fondo de Cohesión a programación será plurianual e rexerán as mesmas normas que para os fondos estruturais. O Fondo de Cohesión xa non financiará proxectos por separado, senón prioridades, incluídos os “grandes proxectos” que superen os 25 millóns de euros no eido do ambiente e os 50 millóns de euros nos demais ámbitos dos programas comúns ó FEDER e o Fondo de Cohesión.

Polo que se refire á programación, unha vez adoptados formalmente os textos dos regulamentos, o Consello adoptou as “orientacións estratéxicas para a cohesión” tomando como referencia a proposta da Comisión. Sobre esta base, a Comisión, os Estados membros e as rexións prepararon os “marcos nacionais de referencia estratéxica” e os “programas operativos”.

Tendo en conta a importancia histórica que para Galicia ten a cooperación con Portugal, que se viu reforzada nas últimas décadas gracias a diversas iniciativas europeas, e en xeral a colaboración con outras rexións, o traballo da Fundación Galicia Europa durante este ano prestou tamén especial atención á configuración da cooperación transfronteiriza e interrexional no próximo período. Para o período de programación 2007-2013 o obxectivo de cooperación territorial europea conta con tres compoñentes: cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional e como novidade aprobouse un regulamento sobre a creación de Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT).

A AECT nace para superar os obstáculos á cooperación territorial e trátase dun instrumento de cooperación a escala comunitaria para crear no territorio da Comunidade agrupacións cooperativas dotadas de personalidade xurídica denominadas «Agrupacións europeas de cooperación territorial». A AECT servirá para aplicar programas ou proxectos de cooperación territorial cofinanciados pola Unión Europea ou ben para levar a cabo accións de cooperación territorial por iniciativa das autoridades nacionais, rexionais ou locais, con ou sen intervención financeira da Comunidade.

Dentro do labor realizado este ano, cabe salienta por último a coordinación do grupo de traballo sobre política rexional e de cohesión das oficinas de representación das Comunidades Autónomas en Bruxelas, que permitiu liderar as actividades das rexións españolas en materia de política de cohesión e reforzar a capacidade de interlocución coas institucións comunitarias.



4.1.3. EMPREGO E ASUNTOS SOCIAIS

A aprobación do Regulamento do Fondo Social Europeo (FSE) e do novo programa Progress para o novo período de financiamento 2007-2013 son os dous feitos máis salientables deste ano en materia de emprego e asuntos sociais. Coa aprobación destes dous instrumentos, márcanse as liñas xerais de financiamento para os próximos anos. O FSE, xestionado en cada Estado membro, financiará accións no ámbito do emprego, a inclusión social e a formación permanente e fomentará a participación dos interlocutores sociais e das ONG. Como novidade, incorpora accións innovadoras e de cooperación internacional. O Progress, pola súa banda, estará xestionado directamente pola Comisión Europea, e financiará, mediante convocatorias e licitacións, actividades a escala europea de estudo, sensibilización e redes no tocante á loita contra a discriminación e a exclusión social, á igualdade de xénero, ás condicións de traballo e ó fomento do emprego.

A Fundación Galicia Europa seguiu de preto o debate sobre estes novos instrumentos financeiros asistindo á comisión de Emprego e Asuntos Sociais do Parlamento Europeo e a través da participación autonómica no Consello da Unión Europea coordinada por Cataluña no primeiro semestre e por Galicia no segundo. De especial utilidade foron as reunións organizadas polo grupo de coordinación técnico das oficinas rexionais españolas en Bruxelas, tanto as celebradas na Representación Permanente de España ante a Unión Europea despois de cada Consello como as mantidas con representantes da Comisión Europea (unha, en maio, sobre o novo Regulamento do FSE e a súa incidencia nas Comunidades Autónomas obxectivo Convergencia e *Phasing out*, e outra, en decembro, de presentación do programa Progress). Estas reunións permítenos entender mellor o contexto e a finalidade co que se adoptan estes instrumentos.

Por outro lado, informouse das distintas comunicacións que publicou a Comisión Europea, como o informe anual sobre a

Estratexia de Lisboa, o informe sobre igualdade entre homes e mulleres ou o informe sobre as restricións á libre circulación de persoas na Europa dos 25. Para a elaboración desta e outra información, asistiuse a diferentes seminarios e actos organizados en Bruxelas como o I Foro sobre o futuro demográfico europeo ou o seminario “*Working time and work-life balance: A policy dilemma?*”, celebrados no mes de outubro.

Este ano veu marcado por novos temas que se puxeron enriba da mesa de discusión dos ministros de Emprego e Asuntos sociais: a chamada “flexiguridade” (a combinación entre a necesaria flexibilidade laboral e a seguridade e protección dos traballadores), e a necesidade de converter o reto do cambio demográfico nunha oportunidade para a Unión Europea. A información subministrada pola Fundación Galicia Europa sobre este último tema foi de especial importancia para a intervención do conselleiro de Traballo da Xunta de Galicia na reunión do Consello de Ministros da Unión Europea no mes de decembro de 2006, na que expresou a posición común das Comunidades Autónomas.

Tamén no marco da coordinación das Comunidades Autónomas no Consello, prestouse gran atención á revisión da Directiva de Tempo de Traballo, que foi obxecto dun Consello Extraordinario en novembro, no que non se acadou un consenso sobre esta iniciativa lexislativa. Nesta reunión tivo lugar a primeira intervención en lingua galega dun membro do goberno de Galicia ante os ministros europeos.

O grupo de coordinación técnico de Emprego e Asuntos Sociais elabora semanalmente un boletín onde se recollen as novas relacionadas con estas políticas no ámbito comunitario: lexislación, convocatorias, procuras de socios e noticias. É neste último apartado onde a Fundación Galicia Europa realiza contribucións cada semana.

No mes de maio, acolleuse a estada da directora da unidade de Promoción e Desenvolvemento da Deputación de Pontevedra (ver apartado 5.1 Bolsas) para a que se elaborou un programa de visitas relacionadas coa promoción do emprego. Entre estas, cómpre salientar a asistencia á Semana Europea do Emprego e a

4.1.4. OUTRAS POLÍTICAS

MEDIO AMBIENTE

O longo do ano 2006, a Fundación Galicia Europa fixo un seguimento da proposta LIFE PLUS, o instrumento financeiro comunitario para o medio ambiente para o período 2007-2013, que foi presentado pola Comisión Europea a finais de 2004.

Para a tramitación deste expediente rixe o procedemento de codesión, o que implica que para a súa adopción é preciso un acordo entre o Parlamento e o Consello. Como tal acordo, ata o momento, non foi posible, designouse a principios de xaneiro de 2007 un comité de conciliación. Nestes intres os puntos que son obxecto de maior discusión son: o orzamento do futuro programa e a futura xestión do programa por parte dos Estados membros. O Parlamento solicita un orzamento maior do que pretende o Consello de Ministros e ademais oponse a unha descentralización do programa que ata agora xestionaba a Comisión Europea. De conformidade coas estimacións feitas pola Comisión Europea, o programa LIFE PLUS 2007-2013 non se aprobará ata setembro de 2007.

PESCA

No ano 2006 o Consello de Ministros de Pesca acadou un acordo sobre o contido do novo Regulamento sobre o Fondo Europeo da Pesca 2007-2013. Dito Regulamento foi publicado o pasado mes de agosto. O FEP terá unha vixencia de sete anos e contará cun orzamento de 3.700 millóns de euros para todo o período, dos cales máis de 400 millóns lle corresponderán a Galicia.

Polo que se refire á filosofía do novo instrumento, a Fundación Galicia Europa fixo un seguimento dos seus obxectivos que son os mesmos que os da actual Política Común de Pesca, no marco da reforma de 2002, entre os que figuran a explotación sostible dos recursos pesqueiros e o establecemento dun equilibrio sostible entre ditos recursos e a capacidade da flota comunitaria. Entre os aspectos ós que lle concede maior importancia o novo instrumento están: o fomento de métodos de pesca e de

producción máis respectuosos co medio ambiente e a promoción do desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras. Este último, é un aspecto novo que non existía nos anteriores instrumentos financeiros no eido da pesca.

DESENVOLVEMENTO RURAL

No mes de febreiro, o Consello de Ministros de Agricultura adoptou as directrices estratéxicas para o desenvolvemento rural, cinco meses despois da adopción do Regulamento do Consello relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do novo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

A política de desenvolvemento rural adquire unha importancia crecente nas zonas rurais para afrontar con éxito os desafíos económicos, sociais e ambientais. A Fundación Galicia Europa fixo un seguimento dos seus obxectivos consciente da oportunidade única que representa o novo período de programación para orientar a axuda deste novo fondo cara o crecemento, o emprego e a sostibilidade.

Por outra banda, a Fundación Galicia Europa tamén asistiu con especial interese ao debates sobre a reforma do sector vitivinícola durante o ano 2006.

EDUCACIÓN E CULTURA

Os traballos para a aprobación do programa *Cultura 2007, Aprendizaxe permanente, Europa para os cidadáns e Xuventude en acción* centraron a atención da Fundación Galicia Europa en 2006. Seguíronse estes debates na comisión de Educación e Cultura do Parlamento Europeo e a través da participación autonómica no Consello da Unión Europea, coordinada por Cataluña no primeiro semestre e por Valencia no segundo. De especial utilidade foron as reunións organizadas polo grupo de coordinación técnico das oficinas rexionais españolas en Bruxelas na Representación Permanente de España ante a Unión Europea despois de cada Consello e a celebrada na dirección xeral de Educación e Cultura da Comisión Europea no mes de decembro, onde se explica de primeira man en qué consisten estes novos programas.

Así mesmo, asistiuse a diferentes seminarios relacionados cos mesmos: “*Europe for Citizens*”, 28-29 de setembro de 2006; “*An innovative University for an innovative region*”, 14 de novembro de 2006; “*E-participation*, 21 de setembro de 2006”.



4.2. PUBLICACIONES

A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA considera que a posta a disposición da sociedade galega de información europea do seu interese pasa polo achegamento puntual ós temas que en cada momento esperten unha maior sensibilidade ou preocupación xeral. Coa intención de atender ás inquiredanzas dos galegos con respecto ós asuntos que repercuten máis directamente sobre eles, a Fundación Galicia Europa desenvolve unha importante tarefa divulgativa mediante a elaboración de publicacións que se insiran nas distintas coleccións ampliadas ano tras ano, por unha parte, e de financiar obras de recoñecida calidade académica relativas ao ámbito europeo, por outra banda.

As publicacións editadas pola Fundación Galicia Europa e aquelas que contaron con financiamento da mesma ó longo do ano 2006 foron as seguintes:

AXENDA 2007 DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Publicouse unha axenda promocional da FGE que contén información sobre os membros, obxectivos e actividades da FGE, así como unha guía introdutoria á xestión de proxectos europeos. Editáronse 750 exemplares que se distribuíron por unha parte entre diferentes persoas en función da súa representación institucional e por outra –as dúas terceiras partes da tirada– entre diversas empresas seleccionadas en función do posible interese das mesmas en relación coa información aportada á hora de poder desenvolver e levar a cabo proxectos cofinanciados con fondos comunitarios.

- Publicación do libro de Guy Verhofstadt “*Los Estados Unidos de Europa*” en colaboración coa Cátedra Jean Monnet da Universidade de Santiago de Compostela. Versión en castelán.



- Publicación do libro de Guy Verhofstadt “*Os Estados Unidos de Europa*” en colaboración coa Facultade de Ciencias Sociais da Universidade de Vigo. Versión en galego.
- Publicación do libro “*Diálogo do obradoiro sobre os Estados Unidos de Europa*”. Cátedra Jean Monnet. Universidade de Santiago de Compostela.
- Publicación do libro “*España e Portugal: vinte anos na Unión Europea*”. Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela
- Publicación do libro “*Europa busca modelo*”, de Elizabeth López.

4.3. PÁXINA WEB

DENTRO DO LABOR DE INFORMACIÓN da Fundación Galicia Euro-
pa, resulta indispensable unha boa ferramenta na rede que per-
mita difundir amplamente a actualidade europea afecta á nosa
comunidad. A renovación do portal web a principios de 2005
permittedu publicar en liña as notas informativas e informes sobre
o desenvolvemento das políticas comunitarias, ademais de dar
unha maior visibilidade ás actividades organizadas ou apoiadas
pola Fundación.

INICIO | Contactor | Mapa Web

Rúa dos Febrs 3 C baixo
15706 Santiago de Compostela
Teléfono: +34 981 541012 Fax: +34 981 541013
<http://www.fundaciongaliciaeuropa.org>

Castelano Gallego English

Buscar en la Web...

FUNDACIÓN / QUIENES SOMOS ACTIVIDADES Y BECAS UNIÓN EUROPEA PROYECTOS EUROPEOS

bienvenidos a
la fundación galicia
europa

Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit, sed diam nonummy nibh euismod tincidunt ut laoreet dolore magna aliquam erat volutpat. Ut vivit enim ad minim veniam, quis nostrud exerci tation ullamcorper suscipit lobortis nisl ut aliquip ex ea commodo consequat.

-Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur

DESTACADOS SALA DE PRENSA AGENDA

07.11.2006. **Primera Noticia3**
Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pelentesque tempus, quam ac lobortis pul...
[Ver Noticia...](#)

07.11.2006. **Primera Noticia2**
Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pelentesque tempus, quam ac lobortis pul...
[Ver Noticia...](#)

07.11.2006. **Primera Noticia**
Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pelentesque tempus, quam ac lobortis pul...
[Ver Noticia...](#)

Boletín de la Fundación
Galicia Europa
Si desea estar informado de las
últimas noticias de Galicia y la
UE, regístrese y recibirá
nuestro boletín informativo
[-Suscribirse](#)

Tu empresa
también es Europa
Si buscas protección, asesoramiento
o ayuda para tu negocio, te lo
ponemos fácil.
Porque Europa te interesa. [Eufomate](#)

AYUDAS
NOTICIAS UE
ACTOS FGE

NOTICIAS DE LA UE


Cuarta Noticia
07/11/2006: Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pelentesque...
Cuarta Noticia2
07/11/2006: Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pelentesque...
Cuarta Noticia3
07/11/2006: Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pelentesque...
Cuarta Noticia4
07/11/2006: Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Pelentesque...

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA, 2004
© Fundación Galicia Europa, 2004
[Aviso legal](#) [Protección datos](#) [Compatibilidad de la web](#) [Acceso Fundación](#)

www.fundaciongaliciaeuropa.eu

Para adaptarse ós obxectivos renovados dentro do Plan Estra-téxico, en 2006 comezouse a deseñar un novo portal web máis flexible, cuxa principal novidade é a inclusión dun apartado específico de asesoramento na xestión de proxectos europeos. Nel, describíense os diferentes programas de financiamento comunitario existentes, e se informa das correspondentes convocatorias e das procuras de socios que circulan dentro de cada unha delas. Ademais, engádense apartados que pretenden servir de guía introdutoria ó entramado comunitario en ámbitos tan diversos como as oportunidades de traballo e prácticas, as licitacións públicas ou os procedementos de consultas que frecuentemente lanza a Comisión Europea para elaborar a lexislación ou as recomendacións comunitarias. O novo portal, que estará dispoñible a principios de 2007, ofrecerá, tamén, a posibilidade de subscibirse ó envío automático de novas, alertas de convocatorias e procuras de socios.

Por outra banda, en 2006 adquiriouse o dominio *.eu* para a dirección internet da Fundación Galicia Europa, dominio creado pola Comisión Europea para “establecer unha identidade pan-europea en Internet”.







las Comunidades Autónomas y el Derecho COMUNITARIO

0
y0

Santiago Compostela, Chile

5. FORMACIÓN

5. Formación

Las Comunidades Autónomas y el Derecho COMUNITARIO

0
/0

Santiago Compostela,



5.1. BOLSAS

A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA asume, dende os seus inicios en 1988, un compromiso especial cos mozos galegos mediante a concesión de bolsas que lles permitan afondar no estudo dos temas comunitarios. Coñecer a fondo os variados e complexos mecanismos que conforman o proxecto europeo para que nun futuro conten coa posibilidade de traballar neste eido resulta absolutamente necesario.

Os centros de estudos europeos, as institucións da Unión Europea e a propia Fundación Galicia Europa conforman un escenario no que numerosos mozos desexan perfeccionar os seus coñecementos sobre a materia comunitaria. A Fundación Galicia Europa ofrécelles o soporte que precisan contribuíndo a reforzar a base da súa futura proxección profesional no ámbito da temática europea.

Por outra banda, a Fundación Galicia Europa contribúe tamén a formación práctica de profesionais que traballan ao servizo das súas entidades membros, mediante a concesión de bolsas para a realización de estadias dunha duración semanal na súa oficina de Bruxelas, que lles permitan afondar no coñecemento da Unión Europea no ámbito da súas competencias.

Dende a súa creación, son xa máis de 250 as persoas que se teñen beneficiado dunha bolsa da Fundación Galicia Europa no conxunto de todas as modalidades que outorga e que no 2006 foron as seguintes:

- Oito bolsas para efectuar estudos de integración europea en centros universitarios europeos
- Sete bolsas para a concesión de axudas económicas dirixidas a licenciados universitarios que obtiveron unha estadia non remunerada nunca institución europea.
- Seis bolsas para a realización de estadias en prácticas nas oficinas da Fundación Galicia Europa en Santiago e en Bruxelas.

- Seis bolsas dirixidas ao persoal ao servizo das entidades membro e asociadas do Padreado da fundación Galicia Europa por medio das cales se lles ofrece a oportunidade de realizar unha estada na oficina da propia Fundación en Bruxelas.

RELACIÓN DE PERSOAS QUE OBTIVERON UNHA BOLSA DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA NO ANO 2006

BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDIOS DE INTEGRACIÓN EUROPEA. CURSO 2006-2007

Colexio de Europa

Cristina M^a Casais López, Campus de Natolín, Polonia.
Joaquín Lede Martínez, Campus de Natolín, Polonia.
Xosé Manuel Villegas García, Campus de Bruxas, Bélxica.

Universidade Católica de Lovaina, Bélxica

M^a Belén Carregal Expósito
Alberto Doce Capeáns

Instituto de Estudos Europeos, Universidade Libre de Bruxelas, Bélxica

Susana Forján Lueiro
José Abundancia Domínguez
Sonsoles Álvarez Morillo

BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NA OFICINA DE SANTIAGO E BRUXELAS DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Bolsas para a realización de prácticas na oficina de Santiago da Fundación Galicia Europa

Alexandra Feijóo Carrera
M^a Teresa Zas Iglesias

Bolsas para a realización de prácticas na oficina de Bruxelas da Fundación Galicia Europa

José Miguel Bello Villarino, sendo substituído por Ana López Fontal do 1 de febreiro ao 15 de decembro de 2006.

Pablo Cornide Alonso, sendo substituído por Víctor Pérez Pascual do 15 de xullo ao 15 de decembro de 2006.

Pablo Lavandeira Suárez, quen renunciou a súa bolsa no transcurso do mes de agosto.

María Coronado Vizcaya

BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN INSTITUCIÓN COMUNITARIAS

Comisión Europea

Alba Mariño Enríquez, Comisión Europea, Dirección Xeral para o Desenvolvemento e as relacións cos países de África, Caribe e Pacífico (3 abril – 31 xullo).

Antía Mato Bouzas, Comisión Europea, Delegación de Bangladesh (1 outubro – 28 febreiro 2007).

Parlamento Europeo

Nerea Pérez Dorca, Parlamento Europeo, Delegación en Barcelona (3 de xaneiro - 31 de marzo).

Anabel Díaz Fernández, Parlamento Europeo, Dirección Xeral Políticas internas – Política Rexional (1 de xaneiro a 30 de abril).

Andrea Maceiras Castro, Parlamento Europeo, Delegación Española do Grupo Socialista (30 xaneiro – 30 xuño).

Consello da Unión Europea

Xiana Barros García, Consello da Unión Europea, Secretaría Xeral do Consello (2 febreiro – 30 xuño).

Dolores Inés Rodríguez Fernández, Consello da Unión Europea, Orzamento, Administración e Persoal (1 de xaneiro a 28 de febreiro).

BOLSAS PARA ESTADÍAS NA OFICINA DE BRUXELAS DA
FUNDACIÓN GALICIA EUROPA DIRIXIDAS AO PERSOAL AO
SERVIZO DAS ENTIDADES MEMBROS DO SEU PADROADO

Carlos Abuín Flores

Asesoría Xurídica Xeral. Xunta de Galicia

José Miguel Curiel Cepeda

Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia

Isabel Doval Ruíz

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia

Ruth González Reyes

Excma. Deputación Provincial de Pontevedra

M^a Pilar Parguñá Fernández

Vicepresidencia, Igualdade e Benestar. Xunta de Galicia.

Rafael Vidal Gómez de Travesedo

Excma. Deputación Provincial de A Coruña

5.2. CURSOS, SEMINARIOS E XORNADAS

A ACTIVIDADE FORMATIVA CENTRA boa parte dos esforzos da Fundación Galicia Europa, que conta cunha longa experiencia na organización de cursos, seminarios, conferencias e xornadas sobre a Unión Europea. Ademais, a Fundación Galicia Europa presta apoio a outros organismos ou institucións nas súas iniciativas de desenvolvemento de actividades formativas deste tipo cuxo contido estivese relacionado coa Unión Europea.

A continuación recóllese a lista dos eventos organizados pola Fundación Galicia Europa ou nos que esta tivo a ben colaborar. Trátase dunha lista non exhaustiva, xa que o persoal da Fundación Galicia Europa actúa en numerosas ocasións como relator en actos relacionados coa Unión Europea que non aparecen indicados neste apartado.

XORNADA DÍA DE EUROPA “AS COMUNIDADES AUTÓNOMAS E O DEREITO COMUNITARIO”. SANTIAGO DE COMPOSTELA, 9 DE MAIO DE 2006



A construción da Unión Europea apoiouse a partir dos seus inicios no Dereito Comunitario, como ordenamento xurídico propio emanado das institucións da Unión e que é obxecto de aplicación en todos os Estados membros. A aplicación do Dereito Comunitario representa así un dos instrumentos máis importantes de actuación dunha Unión que, como sinalou repetidamente o Tribunal de Xustiza, baséase nunha auténtica Comunidade de Dereito.

De aí a oportunidade de adicar o Día de Europa ao estudo das cuestións que suscita a aplicación do Dereito Comunitario, especialmente por aquelas administracións como as autonómicas que, cada vez con maior frecuencia, asumen competencias nunha materia, non sempre exenta de complexidade que fai necesario o intercambio de experiencias e a reflexión común que, por outra parte, constituíron os utensilios básicos da construción europea.

Ao longo de devandita xornada, que contou coa intervención do presidente da Xunta de Galicia, sucedéronse os relatorios de expertos xuristas pertencentes á administración autonómica, estatal e comunitaria e ao mundo universitario.

XORNADA “20 ANOS DE ESPAÑA NA UNIÓN EUROPEA: O PAPEL DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS”, A TOXA, 29 DE SETEMBRO DE 2006



O 29 de setembro celebrouse na Illa da Toxa unha xornada de traballo para analizar o papel das Comunidades Autónomas nestes 20 anos de presenza de España na Unión Europea. Este encontro, promovido pola Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Xunta e pola Fundación Galicia Europa, contou coa participación de responsables das áreas de relacións exteriores das Comunidades Autónomas españolas e representantes da Administración xeral do Estado.

A xornada estruturouse en tres sesións que abordaron os distintos aspectos da participación autonómica no ámbito da Unión Europea. Os responsables do departamento de exteriores dos Gobiernos da Comunidade de Madrid, de Euskadi e de Cantabria exerceron como moderadores destas tres intervencións.

O primeiro relatorio correu a cargo do Catedrático de Dereito Internacional Público e Catedrático Jean Monnet de Dereito da Integración Europea da USC, Jorge Pueyo Losa, que fixo un balance xeral da participación autonómica nos asuntos Europeos.

Posteriormente compareceu o profesor de Dereito Constitucional da Universidade de Barcelona e Vocal asesor da Presidencia do Goberno español, Eduard Roig Molés, para debullar a situación actual da participación autonómica nos asuntos europeos.

Finalmente, na terceira sesión de traballo estudáronse as rexións no ámbito do Consello de Ministros da Unión Europea dende unha visión práctica. O encargado desta conferencia foi o Catedrático de Dereito Constitucional e Catedrático Jean Monnet de Dereito Constitucional da Unión Europea da Universidade de Valencia, Antonio Bar Cendón.

OUTRAS ACTUACIÓNS:

- Conferencia "A política de investigación da Unión Europea" por Jose Manuel Silva Rodríguez, Director Xeral da DG Investigación da Comisión Europea. Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2006.
- I Xornadas Xurídico Sociais "A Unión Europea: retos e perspectivas na construción de Europa" Organización

Precursora de Iniciativas do Campus de Ourense. Universidade de Vigo.

- Módulo Jean Monnet de Dereito Constitucional da Unión Europea. Universidade de Santiago de Compostela.
- Xornada “A dimensión económica, comercial e financeira da Unión Europea: perspectivas de futuro” Fundación de Estudos Políticos e Sociais. A Coruña, 25-26 de maio de 2006.
- Xornada “L’harmonisation de la responsabilité du fair des produits défectueux en Europe” Facultade de Dereito. Universidade de Santiago, 21 de abril de 2006.
- Curso sobre a Unión Europea. Facultade CCEE- Centro de Documentación Europea, Universidade de Santiago.
- VI Curso de Integración Europea: Institucións e Dereito da Unión Europea. Area de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais. Universidade de Santiago.
- Erasmus Sound Festival. Asociación de Becarios Erasmus. A Coruña, 10 de novembro de 2006.
- Conferencia “Riesgo y ventura de la integración Europea” Instituto de Estudos políticos y sociais. A Coruña, 17 de novembro de 2006.
- II Congreso “Seguridade, defensa e Internet”. Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional (CESEDEN). Santiago, 22-24 de novembro de 2006.
- Curso de Programas comunitarios de Educación e Formación para o Eido Local, Deputación de Ourense, curso académico 2006-2007.

5.3. ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE

FORMACIÓN E XUVENTUDE SON DOUS ASPECTOS que a Fundación Galicia Europa ten moi presente de entre os seus obxectivos de difundir a noción da Unión Europea entre a sociedade galega. Por isto, e apelando ao espírito receptivo e creativo dos máis novos, no ano 2006 programáronse fundamentalmente actividades que teñen como finalidade incitalos a plasmar a súa concepción sobre a Unión Europea. Os centros educativos constituíron a plataforma a través da cal se instou ós estudantes a tomar parte nestas actividades. Por outra banda, continuouse apoiando as iniciativas de colexios, institutos e asociacións xuvenís relacionadas co coñecemento de Europa.

V CONCURSO DE PINTURA, 9 DE MAIO DE 2006



Dende o ano 2002, a Fundación Galicia Europa celebra o concurso de pintura “¿Que é para ti Europa?”. O certame, dirixido a todos os escolares de educación primaria de Galicia, ten a intención de achegar a Unión Europea ós máis novos mediante a elaboración de debuxos que reflectan a súa particular visión da mesma.

Os premios consisten nunha viaxe a Eurodisney para o primeiro clasificado e dous acompañantes e un ordenador persoal.

Os colexios reciben, ademais un talón de 2.000 euros para a adquisición de material escolar. A este galardón sumáronse dous accésits premiados cun ordenador persoal para cada un dos finalistas.

A gañadora deste ano 2006, foi Noelia Veiga Domínguez, do CEIP Belesar – Baiona. A segunda finalista, Raquel Martínez Vázquez (11 anos), do Colexio Ángel de la Guarda –Nigrán– Pontevedra, e o accésit, Antía López Canosa (11 anos), do Colexio Centieiras – Perlío Fene.

CONCURSO EUROESCOLA, 12 DE MAIO DE 2006



Co apoio a este programa pretendíase que a mocidade galega se interesase polas problemáticas de distintos ámbitos sociais, fomentando así a participación activa dos máis novos en todas as esferas da sociedade. Tentouse ademais que a xuventude coñecera máis polo miúdo e se involucrara ao mesmo tempo nun ámbito tan crucial e de actualidade, como é o da política exterior e as axudas ao desenvolvemento.

Euroscola é un xogo interactivo educativo en Internet, no que poden participar todos os centros de ensino de secundaria dos Estados membros da Unión Europea. Máis de 1.200 centros de toda España e 65 en Galicia participaron na iniciativa.

Aparte dos galardóns das institucións europeas, a Xunta de Galicia –a través de Xuventude e Solidariedade, Cooperación Exterior e a Fundación Galicia Europa– premiou ós cinco finalistas cunha estadia en Santiago de Compostela, un lote educativo e informativo ós centros escolares e cunha cesta de comercio xusto.

Un total de 65 centros educativos galegos participaron no Concurso Euroscola 2006, promovido pola Comisión Europea e que este ano celebrou a súa décimo-terceira edición baixo o lema “A Unión Europea no mundo: A política exterior e a axuda para o desenvolvemento”. O obxectivo foi conseguir que a mocidade europea se sentise máis próxima e solidaria cos problemas que rodean ós países europeos, coñecendo as distintas axudas para o desenvolvemento e a cooperación internacional da Unión Europea.

MOBILITAS: A MOBILIDADE, CLAVE PARA A FORMACIÓN E O EMPREGO AO SERVIZO DO DESENVOLVEMENTO TRANSFRONTEIRIZO

A Fundación Galicia Europa, a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, o Eixo Atlántico e o Instituto Portugués da Xuventude, ao abeiro da Iniciativa comunitaria Interreg III-A/Galicia-Norte de Portugal, desenvolven dende decembro de 2005 e ata decembro de 2007 o Programa “A Mobilidade, clave para a formación e o emprego ao servizo do desenvolvemento transfronteirizo”, coñecido como Proxecto MOBILITAS.



Os obxectivos xerais deste novo proxecto son:

- **Fomentar** os intercambios dos mozos co obxectivo de garantir a transferibilidade de coñecementos e o aproveitamento conxunto de oportunidades. Por exemplo mediante diversos encontros de carácter lúdico-formativo que fomenten o interese dos mozos en explorar e coñecer mellor o territorio veciño e as súas posibilidades.
- **Impulsar** a cooperación entre Galicia e Norte de Portugal por parte dos axentes institucionais de ámbalas dúas rexións. Por iso entendemos este proxecto en xeral como a consolidación definitiva da colaboración entre as administracións e organizacións de Galicia e Norte de Portugal.
- **Motivar** ós mozos na cooperación e no entendemento mediante cursos de lingua e cultura galega ou portuguesa, tanto presenciais como co novo portal de ensino virtual.

- **Contribuír** ao incremento da cualificación profesional dos mozos e mozas adaptando a súa formación ás esixencias do emprego. Polo tanto prevemos a implementación de actividades conxuntas no plano formativo dirixidas ós mozos e profesionais da xuventude que lles permitan desempeñar labores profesionais adaptadas a demandas do mercado laboral.

Tendo en conta estes obxectivos, os resultados esperados que cabe destacar son os seguintes:

- Establecemento de redes permanentes de cooperación transfronteiriza e consolidación das que xa existen entre institucións e entidades de ambas rexións.
- Formación de mozos e profesionais con maior cualificación para a súa inserción no mercado laboral.
- Aumento de oportunidades laborais na área transfronteiriza, tradicionalmente desfavorecida, para evitar o seu despoboamento ou abandono respecto das grandes áreas urbanas.
- Incremento das relacións e intercambios laborais e formativos entre ambas comunidades.

PROXECTO BERENGUELA

Ao abeiro da Iniciativa Comunitaria EQUAL e co cofinanciamento do Fondo Social Europeo ponse en marcha en xuño de 2005 a Agrupación de Desenvolvemento Berenguela encargada de desenvolver o proxecto do mesmo nome. O seu obxectivo fundamental é facilitar e mellorar a incorporación sociolaboral de mozas con cargas en garda ou tuteladas pola administración, mais tamén mozas anteriormente nesa situación ou simplemente mozas embarazadas ou con cargas familiares en risco de exclusión social. Así, as metas específicas de Berenguela son a inserción plena e estable das mulleres novas no mercado de traballo, a promoción da formación das beneficiarias co fin de favorecer a súa incorporación e a súa continuidade no mercado laboral, facilitar o seu acceso a recursos, dereitos e servizos de apoio, a promoción do autoemprego, proporcionar coñecementos para o coidado dos

fillos ou das persoas ao seu cargo así como fomentar a educación para a saúde, a igualdade e o respecto ambiental.

A Fundación Galicia Europa participou activamente no proceso de redacción da proposta, ofrecendo a súa ampla experiencia no eido comunitario, incidindo na necesidade de que a proposición reflectise os obxectivos da iniciativa EQUAL e fose coherente coas políticas sectoriais comunitarias, en especial a rexional e a de cohesión. Ademais, a Fundación encargouse da procura dos socios transnacionais de Berenguela.

Por último, a participación da Fundación insírese tamén na realización de actividades de formación tanto para os profesionais da Agrupación de Desenvolvemento en temas relacionados coa política social e de igualdade europea, como na formación en asuntos europeos en xeral para as beneficiarias.

Estas boas experiencias e casos de estudo compiláronse nunha publicación realizada principalmente pola Fundación co título de “A Igualdade en Europa”.

OUTRAS ACTUACIÓNS

- Viaxe a París do IES Alfonso X El Sabio de A Barcala – A Coruña, do 1 ao 5 de marzo.
- Visita a Bruxelas do IES Miraflores de Oleiros, do 13 ao 17 de maio.
- Visita ás institucións europeas do Colexio Público Viaño Pequeño de Trazo, do 17 ao 22 de xuño.



6.
AXENDA 2007

INSTITUCIÓNS EUROPEAS

XANEIRO

L	1	8	15	22	29
M	2	9	16	23	30
M	3	10	17	24	31
X	4	11	18	25	
V	5	12	19	26	
S	6	13	20	27	
D	7	14	21	28	

FEBREIRO

L		5	12	19	26
M		6	13	20	27
M		7	14	21	28
X	1	8	15	22	
V	2	9	16	23	
S	3	10	17	24	
D	4	11	18	25	

MARZO

L		5	12	19	26
M		6	13	20	27
M		7	14	21	28
X	1	8	15	22	29
V	2	9	16	23	30
S	3	10	17	24	31
D	4	11	18	25	

	Sesión Plenaria do Parlamento Europeo
	Pleno do Comité das Rexións
	Comisións do Comité das Rexións

ABRIL

L		2	9	16	23	30
M		3	10	17	24	
M		4	11	18	25	
X		5	12	19	26	
V		6	13	20	27	
S		7	14	21	28	
D	1	8	15	22	29	

MAIO

L		7	14	21	28
M	1	8	15	22	29
M	2	9	16	23	30
X	3	10	17	24	31
V	4	11	18	25	
S	5	12	19	26	
D	6	13	20	27	

XUÑO

L		4	11	18	25
M		5	12	19	26
M		6	13	20	27
X		7	14	21	28
V	1	8	15	22	29
S	2	9	16	23	30
D	3	10	17	24	

	Sesión Plenaria do Parlamento Europeo
	Pleno do Comité das Rexións
	Comisións do Comité das Rexións

XULLO

L		2	9	16	23	30
M		3	10	17	24	31
M		4	11	18	25	
X		5	12	19	26	
V		6	13	20	27	
S		7	14	21	28	
D	1	8	15	22	29	

AGOSTO

L		6	13	20	27
M		7	14	21	28
M	1	8	15	22	29
X	2	9	16	23	30
V	3	10	17	24	31
S	4	11	18	25	
D	5	12	19	26	

SETEMBRO

L		3	10	17	24
M		4	11	18	25
M		5	12	19	26
X		6	13	20	27
V		7	14	21	28
S	1	8	15	22	29
D	2	9	16	23	30

	Sesión Plenaria do Parlamento Europeo
	Pleno do Comité das Rexións
	Comisións do Comité das Rexións

OUTUBRO

L	1	8	15	22	29
M	2	9	16	23	30
M	3	10	17	24	31
X	4	11	18	25	
V	5	12	19	26	
S	6	13	20	27	
D	7	14	21	28	

NOVEMBRO

L		5	12	19	26
M		6	13	20	27
M		7	14	21	28
X	1	8	15	22	29
V	2	9	16	23	30
S	3	10	17	24	
D	4	11	18	25	

DECEMBRO

L		3	10	17	24	31
M		4	11	18	25	
M		5	12	19	26	
X		6	13	20	27	
V		7	14	21	28	
S	1	8	15	22	29	
D	2	9	16	23	30	

	Sesión Plenaria do Parlamento Europeo
	Pleno do Comité das Rexións
	Comisións do Comité das Rexións



7.
EUROPA EN GALICIA.
¿QUEN É QUEN?

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

*Rúa dos Feáns 3C baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 012
Fax: 981 541 013
Correo elect.: santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu
Internet: <http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu>*

SECRETARÍA XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES

*Rúa dos Feáns, 5 baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 002
Fax: 981 541 003
Correo elect.: sunioneu@xunta.es*

OFICINA DE INFORMACIÓN EUROPEA PARA XOVES

Divulga a información europea, orienta e asesora a mocidade para propiciar a súa participación nos programas e recursos da Unión Europea.

*Rúa dos Feáns, nº 3C baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 010
Fax: 981 541 013
Correo elect.: informacion.europea.jovenes@xunta.es*

CENTRO DE ENLACE PARA INNOVACIÓN (IRC)

Ten por obxectivo promover a transferencia de tecnoloxía e a valoración de resultados de investigación nas empresas, principalmente nas pemes.

*C/ A Cabana s/n
15590 Ferrol
Tel.: 981 102 100
Fax: 981 102 102
Correo elect.: info@cisgalicia.org
Internet: <http://www.cisgalicia.org>*

CENTRO DE DOCUMENTACIÓN EUROPEA

Ten por misión facer accesible ao conxunto da comunidade universitaria e ao público en xeral a información sobre a Unión e as súas diferentes políticas, e axudar á Universidade a promover e consolidar o ensino e a investigación sobre integración europea.

Universidade de Santiago de Compostela
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Avda. Xoán XXIII, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 563 990
Fax: 981 547 025
Correo elect.: cdesec@usc.es
cdesec2@usc.es
Internet: <http://www.usc.es/cde>

Universidade da Coruña
Facultade de Dereito
Campus de Elviña, s/n
15071 A Coruña
Tel.: 981 167 100 Ext. 1628
Fax: 981 290 310
E-mail: cde@udc.es
Internet: <http://www.udc.es/iuee/cde>

EUROPE DIRECT A CORUÑA

Ten por obxecto a difusión de información sobre as políticas, programas, publicacións, etc. da Unión Europea.

Deputación Provincial de A Coruña
Alfárez Provisional, nº 2
15006 A Coruña
Tel.: 981 183 331
Fax: 981 183 354
Correo elect.: manuel.vazquez@dicoruna.es
Internet: <http://www.dicoruna.es/ipe>

CENTRO DE INFORMACIÓN, DOCUMENTACIÓN E ESTUDOS COMUNITARIOS (CIDEK)

Os servizos que ofrece están especialmente orientados ao mundo empresarial: lexislación comunitaria, convocatoria de programas, informes e documentación relacionada coa Unión Europea.

Relais EIC ES 229

Cámara de Comercio de A Coruña

Alameda, 30-32, 3º

15003 A Coruña

Tel.: 981 216072

Fax: 981 225 208

Correo elect.: ccincoruna@camaras.org

Internet: <http://www.camaracoruna.com>

EURO INFO CENTRO

Ten como misión principal a difusión de normas e políticas europeas que afecten ás pemes.

Confederación de Empresarios de Galicia

Rúa do Vilar, 54

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 555 888

Fax: 981 555 882

Correo elect.: euoinfo@ceg.es

CENTRO EUROPEO DE EMPRESA E INNOVACIÓN

O seu obxectivo é proporcionar actividades e servizos que melloren a presenza e a creación de empresas a nivel rexional, poñendo en marcha un mecanismo activo e permanente de detección e selección de emprendedores e de proxectos, para poder ofrecer un abano completo de servizos para a creación e a diversificación empresarial.

Edificio IGAPE - Planta 3ª Planta

Barrio de San Lázaro, s/n

15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 823

Fax: 981 546 832

Correo elect.: bicgalicia@bicgalicia.es

Internet: <http://www.bicgalicia.es>

EUROPE DIRECT GALICIA

Informa sobre temas europeos relacionados coas zonas rurais.

Centro Europeo de Información Rural

San Pedro de Mezonzo, 48 baixo

15701 Santiago de Compostela

Tel.: 981 553 390

Fax: 981 590 875

Correo elect.: europedirect@europedirect-galicia.com

Internet: <http://www.idcdg.com>

FEUGA

As súas actividades están orientadas ao fomento das relacións empresa-universidade, como ingrediente básico do incremento dos niveis de formación, do desenvolvemento tecnolóxico e da competitividade das empresas galegas.

Lope Gómez de Marzoa, s/n

Campus Universitario Sur

15705 Santiago de Compostela

Tel: 981 534180

Fax: 981 524351

Correo elect: feuga@feuga.es

Internet: <http://www.feuga.es>

EUROBIBLIOTECAS

EUROBIBLIOTECA DE A CORUÑA

Biblioteca Pública "Miguel González Garcés"
Rúa Miguel González Garcés, s/n
15008 A Coruña
Tel.: 981 170 218
Fax: 981 170 218/219

EUROBIBLIOTECA DE LUGO

Biblioteca Pública Provincial
Avda. Ramón Ferreiro, s/n
27071 Lugo
Tel.: 982 228 525

EUROBIBLIOTECA DE OURENSE

Biblioteca Pública do Estado
Concejo, 11
32033 Ourense
Tel.: 988 210 700
Fax: 988 218 550

EUROBIBLIOTECA DE PONTEVEDRA

Biblioteca Pública
Alfonso XIII, 3
36002 Pontevedra
Tel.: 986 850 838
Fax: 986 862 127

